

memoria de
Sostibilidadde
2024

COGAMI
EMPRESARIAL

COGAMI

EMPRESARIAL

Memoria de Sostibilidade 2024 elaborada por COGAMI Empresarial.

Publica: Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI).

Coordina: Rosa Gutiérrez Mougán (Galega de Economía Social).

Redactan: Daniel Fernández Longueira e Belén Vázquez Sampayo (Galega de Economía Social).

Participan: Jacobo Castro, Naiara Goicochea, Rosana González, Eva Pita, Guadalupe Pombo, Virna Santana e Juan Suárez (Galega de Economía Social), Silvia Alende (Accede Social), Raquel Alvite (Combina Social), Antonio Pena (Coregal), Luis Penido (Trameve e Cualicar), Carlos Iglesias (Dixardín), Alejandro Rouco (Grafinco), Manuel Santos (Hornos de Lamastelle) e Yaiza Somorrostro (Integratex).


Cofinanciación:



Cofinanciado por
la Unión Europea

ÍNDICE

1. Carta do presidente	4	7. O noso modelo de Gobernanza	57
2. Carta do director xeral	6	7.1. Órganos de goberno	60
3. COGAMI, a nosa Organización	9	7.2. Organigrama	61
4. Que queremos compartir	15	7.3. Ética e bo goberno	62
5. COGAMI Empresarial	19	8. O valor que xeramos	65
5.1. Principais cifras	22	8.1. Grupos de Interese	67
5.2. As nosas empresas	23	8.2. Rede de creación de valor	69
5.2.1. Galega de Economía Social	24	8.3. Resumo da actividade social	70
5.2.2. Accede Social	25	8.4. O noso compromiso ambiental	72
5.2.3. Combina Social	26	8.5. Alíñamento cos ODS	81
5.2.4. Coregal	27	9. Anexos	85
5.2.5. Cualicar	29	9.1. Peso específico dos aspectos materiais segundo a Unidade de Negocio	86
5.2.6. Dixardin	30	9.2. Convenios laborais de aplicación en COGAMI Empresarial	87
5.2.7. Grafinco	32	9.3. Datos adicionais	88
5.2.8. Hornos de Lamastelle	34	9.4. Requisitos Lei 11/2018 EINF	95
5.2.9. Integratex	36	9.5. Índice de indicadores GRI	103
5.2.10. Trameve	37		
5.3. Resumo da actividade empresarial	38		
5.4. Análise de Materialidade	40		
6. As nosas persoas	45		
6.1. Emprego e diversidade	48		
6.2. Creación de postos de traballo e novas oportunidades	49		
6.3. Impacto nos colectivos máis vulnerables	52		
6.4. Formación	53		
6.5. Igualdade de xénero	55		
6.6. Seguridade e saúde	56		



1 CARTA DO PRESIDENTE

Queridas amigas e amigos:

Un ano máis encaro a redacción desta carta desde o compromiso e a satisfacción que xera botar a vista atrás e albiscar os retos que temos afrontado, os logros que temos acadado e os camiños que imos percorrendo desde a nosa Organización en xeral, e desde COGAMI Empresarial en particular.

Como sabedes, en COGAMI levamos 35 anos sendo faro e guía no eido da discapacidade en Galicia, tanto na atención, apoio e acompañamento de persoas usuarias e familias, como no desenvolvemento dun tecido empresarial que fortaleza o músculo da Economía Social e cree oportunidades laborais para as persoas con discapacidade.

Co gallo desta celebración, o noso 35 aniversario, non só queremos botar a vista atrás para tomar conciencia dos avances que se teñen logrado nestas décadas, senón que tamén queremos seguir mirando con ilusión e compromiso ao futuro, apostando por estratexias



Anxo Queiruga, presidente de Galega de Economía Social - COGAMI Empresarial.

e iniciativas que contribúan a continuar na senda do crecemento social e económico do noso territorio, poñendo ás persoas no centro e aliñando a nosa actividade coa sostibilidade social, económica e ambiental en todos os sectores empresariais nos que operamos desde os nosos centros de traballo.

Son moitos os retos empresariais a afrontar en cada un dos sectores da Economía Social nos que traballamos, pero nesta oportunidade na que me dirixo a vós, e no contexto desta *Memoria de Sostibilidade 2024*, gustaríame subliñar: os réditos que está xerando a aposta pola economía circular que fai Trameve

coa valorización e segunda vida de pezas de vehículos; a conciencia de Hornos de Lamastelle co desperdicio alimentario e coa innovación alimentaria na creación de novos produtos e sabores; a innovación que desde Coregal se está implantando na xestión e valorización de residuos; a expansión do coidado de espazos verdes e servizos de xardinería que vai conquistando Dixardín; as novidades en impresión e *packaging* que vén introducindo Grafinco na procura de innovación e satisfacción da clientela; a consolidación da oferta das tendas *outlet* de roupa, calzado e complementos de Integratex; os servizos de transporte adaptado que ofrece Accede Social atendendo ás necesidades de mobilidade de moitas persoas usuarias; a comercialización de vehículos seminovos desde Cualicar con elevada demanda desde outros territorios e un crecemento na venda *online*; a ampliación de servizos, con maior nivel formativo do persoal, que vai acollendo Combina Social, que no 2024 entrou a formar parte de COGAMI Empresarial; sen esquecer o soporte e traballo que desde Galega de Economía Social se presta a cada unha das Unidades de Negocio, dando resposta ás súas necesidades.

E todos eses retos da Economía Social teñen un paraugas común, que se reflicte cada ano nesta Memoria que elaboramos, e que dá conta

da transparencia coa que abordamos a xestión empresarial: a sostibilidade.

O noso modelo de Organización aséntase na sostibilidade social, económica e ambiental como piares sobre os que construír a nosa estratexia de actuación e como fundamento sobre o que planificar a nosa xestión operativa.

Nese senso, a sostibilidade estase a traducir en medidas concretas en cada unha das Unidades de Negocio que reman a favor dunha maior protección do medio ambiente, da aportación a frear as consecuencias do cambio climático, ao mesmo tempo que dá xestión eficiente dos recursos que empregamos e da medición da nosa pegada de carbono. Estas medidas teñen como obxectivo ser conscientes e actuar desde o presente na construción dun futuro que atenda ao equilibrio entre as actividades económicas e o seu impacto ambiental.

O noso horizonte é, sen dúbida, un horizonte poboado de posibilidades de crecemento e consolidación, de consecución de novos obxectivos para o benestar social e empresarial das persoas con discapacidade. Un futuro cheo de esperanza e melloras no que o benestar das persoas siga sendo unha das nosas máximas, e no que a atención centrada nelas sexa sempre un referente polo que seguir construíndo unha sociedade inclusiva e igualitaria. En definitiva,

unha sociedade na que as capacidades das persoas sexan o motor que reforce o músculo dunha contorna sostible e cohesionada.

Continuaremos pola senda transitada nestas últimas décadas, cargada de experiencias e aprendizaxes comúns, repleta de innovacións e mellora continua, adaptándonos a contextos de incerteza e cambio socioeconómico, nos que o capital humano co que contamos siga sendo a mellor garantía para os éxitos dos que todas e todos formamos parte, e que nos permiten divisar un futuro prometedor para toda a Organización de COGAMI.

Unha aperta.

Anxo Queiruga Vila.

Presidente de Galega de Economía Social- COGAMI Empresarial.

“Co gallo desta celebración, o noso 35 aniversario, non só queremos botar a vista atrás para tomar conciencia dos avances que se teñen logrado nestas décadas, senón que tamén queremos seguir **MIRANDO CON ILUSIÓN E COMPROMISO AO FUTURO**”

2 CARTA DO DIRECTOR XERAL

Queridas amigas e amigos:

Abordamos unha nova revisión do ano de actividade de COGAMI Empresarial, como vén sendo habitual, desde o prisma do noso firme compromiso coa sostibilidade social, económica e ambiental. Facémolo a través desta Memoria anual, que fai da transparencia un dos nosos sinais de identidade e coa que queremos non só dar conta da nosa actividade empresarial, senón tamén da nosa relación coas persoas e coa contorna na que operamos.

Ao longo do pasado ano, desde COGAMI Empresarial puxemos o foco na mellora continua, na incorporación de novo talento e no fortalecemento dos nosos equipos. Grazas a este traballo conxunto, comezamos a ver avances que nos axudan a seguir mellorando a competitividade das nosas empresas e a calidade dos servizos e produtos que ofrecemos.

Desde a miña responsabilidade como director xeral de Galega de Economía Social, teño a oportunidade de coñecer de preto a evolución

das distintas Unidades de Negocio que conforman o Grupo Empresarial -Accede Social, Combina Social, Coregal, Cualicar, Dixardín, Grafinco, Hornos de Lamastelle, Integratex e Trameve-, todas elas coordinadas pola nosa empresa matriz. Esta visión conxunta axúdanos a acompañar mellor os procesos de cada empresa e a avanzar nun camiño compartido.

Neste 2024, a incorporación de Combina Social ao Grupo supuxo un paso importante, contribuíndo a un incremento tanto na facturación consolidada como no número de persoas que forman parte da nosa realidade laboral. É un exemplo máis do esforzo que facemos por integrar proxectos empresariais que compartan os nosos valores sociais.

O ano tamén deixou resultados destacables noutros ámbitos. Consolidáronse contratos co sector público en empresas como Coregal, Dixardín e na propia Combina Social, reforzando a súa actividade e a estabilidade das persoas traballadoras vinculadas. Do mesmo xeito, empresas como Hornos de Lamastelle seguen a avanzar na diversificación de canles e territorios,

reducindo a estacionalidade e mantendo un crecemento sostido ao longo do ano.

Queremos tamén destacar a estabilidade na contratación de persoas con discapacidade, consolidando o importante avance rexistrado en 2023. Este feito vese acompañado polo impulso dos programas de formación e desenvolvemento profesional, en liña coa nosa Misión e coa metodoloxía de Atención Integral Centrada na Persoa (AICP), que vimos de incorporar á nosa estratexia para seguir poñendo no centro ás persoas.

Incrementar a competitividade, coidar dos equipos humanos, ou participar activamente no deseño de políticas públicas que impactan na vida das persoas con discapacidade son algunhas das tarefas que asumimos desde COGAMI Empresarial, co obxectivo de garantir actividades sostíbeis que xeren oportunidades de emprego e benestar.

Co *Plan Estratéxico 2023-2026 de COGAMI* superando xa o seu ecuador, seguimos a traballar na implementación de medidas que nos axuden

a avanzar en ámbitos como a sostibilidade ambiental, a igualdade de oportunidades ou a mellora do benestar laboral.

Accións como a Campaña “Erre que Erre”, centrada na sensibilización ambiental, ou a posta en marcha da Rede de Benestar arredor da Metodoloxía Atención Integral Centrada na Persoa (AICP), están a contribuír positivamente tanto á nosa conciencia colectiva como á calidade da experiencia laboral nas nosas empresas.

Para rematar, quero poñer en valor o esforzo compartido que realizamos desde COGAMI Empresarial. Somos un equipo en constante evolución, que procura na súa actividade diaria ofrecer servizos e produtos de calidade, accesibles e innovadores, reforzando a presenza das nosas empresas no mercado e favorecendo a cohesión entre todas as persoas que formamos parte deste proxecto común.

O noso capital humano seguirá sendo o noso principal valor e a razón pola que, ano tras ano, seguimos avanzando.

Unha aperta,


Víctor Silva Suárez

**Director Xeral de Galega de Economía Social -
COGAMI Empresarial.**



Víctor Silva, director xeral de Galega de Economía Social - COGAMI Empresarial.

“Incrementar a competitividade, coidar dos equipos humanos, ou participar activamente no deseño de políticas públicas que impactan na vida das persoas con discapacidade son algunhas das tarefas que asumimos desde COGAMI Empresarial, co obxectivo de **GARANTIR ACTIVIDADES SOSTIBLES QUE XEREN OPORTUNIDADES DE EMPREGO E BENESTAR**”.





3

COGAMI,
A NOSA ORGANIZACIÓN

3 COGAMI, A NOSA ORGANIZACIÓN

A **Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI)** é unha entidade sen ánimo de lucro, declarada de utilidade pública, con oficinas e centros de atención nas catro provincias galegas. Cunha traxectoria de 35 anos, COGAMI mantén un claro compromiso ao longo do devir da súa historia: traballar pola plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade.

Alén da súa consolidación como Organización en Galicia, cómpre destacar que COGAMI é unha das impulsoras da Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego Sen Ánimo de Lucro (CEGASAL), do Comité de Entidades Representantes de Persoas con Discapacidade de Galicia (CERMI Galicia) e da Rede Galega contra a Pobreza (EAPN Galicia) na Comunidade Autónoma; a nivel estatal forma parte da *Confederación Española de Personas con Discapacidad Física y Orgánica* (COCEMFE); a nivel europeo da *European Association of Service Providers for Persons with Disabilities* (EASPD).



60

Asociacións de persoas con discapacidade

4

Federacións provinciais

10


Unidades de Negocio de Economía Social

1.320

Persoas traballadoras nun modelo artellado a través de 4 Federacións provinciais

15.175


Participantes en programas e servizos de COGAMI





PROPÓSITO

Conseguir a plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade.




MISIÓN

Defensa e promoción dos dereitos das persoas con discapacidade, a transformación social, o fortalecemento do asociacionismo, a xeración de oportunidades de emprego e a prestación de servizos que satisfagan as necesidades e expectativas das persoas con discapacidade en Galicia.



VISIÓN

Ser unha entidade centrada na persoa, sostible e recoñecida pola sociedade pola proximidade, polos seus valores e o liderado na busca e aplicación de metodoloxías de traballo coas persoas con discapacidade e na prestación de servizos de excelencia dirixidos ás mesmas.



VALORES

Adhirese á Declaración Universal dos Dereitos Humanos, á Carta de Dereitos Sociais da UE, ás normas unificadas de Igualdade e á Convención da ONU sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade e adopta os valores:


DE XESTIÓN

- Transparencia
- Innovación
- Mellora continua
- Calidade
- Democracia interna
- Profesionalidade
- Enfoque de xénero

DA ENTIDADE

- Solidariedade
- Independencia
- Participación
- Igualdade interseccional
- Defensa dos dereitos das persoas con discapacidade
- Implicación social

A Organización desenvolve a súa actividade seguindo a folla de ruta que representa o *Plan Estratéxico 2023-2026 de COGAMI* que recolle, ademais do Propósito e Misión que persegue, a identificación dos seguintes asuntos estratéxicos referidos a COGAMI Empresarial:



A política organizacional de COGAMI, que engloba o conxunto de principios, normas e valores que rexen o funcionamento da Organización e das súas relacións, ten evolucionado ao longo da súa historia, dando cobertura a novas realidades e necesidades das persoas traballadoras e ampliando os dereitos e as medidas que favorecen o seu benestar laboral.

Neste senso cómpre destacar as distintas ferramentas coas que conta COGAMI:

- **Cumprimento Normativo**, que se traduce en normativas como o *Código Ético* e de

Conduta e o *Manual de xestión de crises*. Nelas recóllese o Propósito, Misión, Visión e Valores da Organización, así como os compromisos que deben asumir as persoas que integran a Organización, existindo Canles responsables de denuncias, queixas e reclamacións para situacións de incumprimento.

- **Política de Calidade e Innovación**, que afecta ás actividades e servizos que realiza COGAMI e as súas empresas e que aplica á inclusión sociolaboral, á accesibilidade universal, ao deseño para

todas as persoas e ao desenvolvemento e xestión de organizacións de persoas con discapacidade. No caso das empresas de COGAMI destacan as *International Organization for Standardization (ISO)* que certifican o cumprimento da normativa internacional en materia de calidade, medio ambiente, seguridade e saúde e seguridade alimentaria.


- **Plan Estratéxico 2023-2026**, documento que se renova cada catro anos e que marca a folla de ruta para COGAMI e as súas empresas definindo as prioridades


de actuación. No Plan vixente os esforzos oríentanse á sostibilidade social, económica e ambiental, á gobernanza participativa e á mellora continua, orientando a acción organizativa cara á xeración de valor compartido.

- **Políticas de Benestar Laboral**, entre as cales se recolle a Política de Seguridade e Saúde, a Política de Traballo a distancia ou a Política de Flexibilidade horaria, sempre na procura de favorecer a conciliación laboral, familiar e persoal, velando pola prevención de riscos laborais e garantindo o benestar de todas e cada unha das persoas traballadoras.
- **Protocolo de Prevención e Actuación do acoso no traballo**, de cara a previr, detectar e eliminar, baixo principios de confidencialidade, obxectividade e imparcialidade, calquera conduta que poida ser considerada acoso no ámbito laboral, incluíndo acoso sexual e acoso por razón de sexo.
- **Plans de Igualdade**, como conxunto de normas que procuran acadar a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes e eliminar as discriminacións por razón de sexo en toda a Organización de COGAMI.
- **Plans de Formación**, nos que se recompilan as accións formativas que se ofertan ás

persoas que traballan na Organización así como os obxectivos que se perseguen con cada unha delas, na mellora das habilidades persoais e de coñecemento para o desempeño do posto de traballo, así como de promoción ou realización persoal e laboral.

- **Política de Sostibilidade Ambiental**, desde a aprobación do *Plan Estratéxico 2023-2026 de COGAMI*, a Organización aposta por consolidar o seu compromiso ambiental adoptando unha Política de Sostibilidade Ambiental que promove a eficiencia enerxética, a economía circular e unha gobernanza responsable como piares transversais da súa acción.
- **Valor Social** de COGAMI, no ano 2022 comézase a calcular o impacto que o labor social e empresarial de COGAMI teñen na contorna e na sociedade, estimando que esta aportación vai máis alá do que reflicten as contas de resultados e amosa a importancia da actividade que se desenvolve no marco da Economía Social.







4

QUE QUEREMOS
COMPARTIR

4 QUE QUEREMOS COMPARTIR


COGAMI Empresarial somos un Grupo conformado por Centros Especiais de Empleo de Iniciativa Social (CEEIS) integrados dentro da Organización de COGAMI, que operan en

diferentes sectores de actividade económica. Desde esa realidade abórdase a redacción desta **Memoria de Sostibilidade 2024** para dar conta do valor que aportamos e do capital persoal co que traballamos neste último ano.

Este informe dá cumprimento á **Lei 11/2018 sobre Información non Financeira**, e atende á Directiva sobre Información sobre Sostibilidade Corporativa (CDRS) e ás **Normas Europeas de Información sobre Sostibilidade** (NEIS), mantendo a referencia


aos Estándares Universais GRI para abordar os indicadores que aquí se reportan.

Desde COGAMI Empresarial levamos 5 anos elaborando esta Memoria de Sostibilidade¹ como mostra do noso compromiso coa tripla liña de impacto e beneficio: social, económica e ambiental. Neste senso, a Memoria permite salientar e avaliar os aspectos claves do desempeño das nosas empresas desde unha perspectiva integral.



¹— A *Memoria de Sostibilidade 2024* de COGAMI Empresarial foi revisada e aprobada polo seu Consello de Administración en xuño de 2025 e auditada externamente segundo o determinado na Lei 11/2018 de Auditoría de Contas en materia de información non financeira e diversidade. Para calquera cuestión relacionada co contido da mesma podes contactarnos en ges@galegadeeconomiasocial.ga

Con este marco normativo de acción, e atendendo a todas as obrigas e recomendacións que afectan a COGAMI Empresarial neste eido, presentamos este documento informativo e comparativo, rigoroso, con fiabilidade equiparable aos reportes de información financeira, dando resposta á necesidade de transparencia da xestión da información de sostibilidade, en base aos seguintes principios:




Inclusión dos Grupos de Interese

Desde a identificación de quen son os Grupos de Interese da nosa Organización á determinación das ferramentas máis acaídas para a escoita activa e os procesos participativos que nos permiten manter un diálogo constante e fluído. Todo iso de cara a nutrir os procesos de toma de decisións e dar resposta ás inquiredas dos nosos Grupos de Interese e ás súas necesidades a través da nosa actividade e da relación con eles.



Contexto de Sostibilidade

A Organización asume, pola súa propia natureza, a importancia de desenvolver a súa actividade atendendo á tripla hélice da sostibilidade: social, económica e ambiental, desde un enfoque que determina a conveniencia de pensar en global e actuar en local e baixo unha metodoloxía de Atención Integral Centrada na Persoa (AICP).




Materialidade

Determinamos os aspectos que afectan de xeito significativo á sostibilidade social, económica e ambiental que persegue a nosa Organización ao tempo que valoramos os Impactos, Riscos e Oportunidades que eses aspectos teñen para a Organización e para os seus Grupos de Interese. Este principio bebe da análise integral da dobre Materialidade: unha metodoloxía que avalía o desempeño da Organización desde unha perspectiva financeira e de impacto social e ambiental.



Exhaustividade

Abordamos a medición, análise e tratamento da información e os datos desde a rigorosidade que caracteriza a profesionalidade do Equipo humano implicado na elaboración desta Memoria, en cada unha das súas áreas de traballo, que contribúen a que COGAMI Empresarial siga medrando e consolidando emprego e actividade.





5

COGAMI EMPRESARIAL

5 COGAMI EMPRESARIAL

A historia de COGAMI está ligada, desde a súa cerna, co traballo pola plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade, e un deses ámbitos, de vital relevancia, é o mundo laboral.

Desde esa lóxica a Organización aposta pola creación de Unidades de Negocio, baixo a figura de **Centros Especiais de Emprego de Iniciativa Social** (CEEIS), caracterizados por:

- Realizar unha actividade produtiva de mercado, asegurando a **inserción laboral e un emprego remunerado para persoas con discapacidade**.


- Ter, como mínimo, un **70 % de persoas con discapacidade no seu cadro de persoal** (porcentaxe que superan todas as nosas empresas).
- Estar **promovidos e participados en máis dun 50 % por unha entidade sen ánimo de lucro ou de carácter social** (como é o caso da nosa Organización COGAMI).

Estes CEEIS operan en diferentes sectores de actividade económica e empresarial, xerando postos de traballo e posibilidades de formación para persoas con discapacidade ao tempo que se van consolidando como empresas competitivas e referentes, tanto para o sector público como para o sector privado.

A historia de COGAMI Empresarial bota a andar 30 anos atrás coa creación da empresa Coregal

e no ano 2024 xa conta con 10 iniciativas referentes na Economía Social galega operando en diferentes sectores, nomeadamente: Accede Social S. L., Combina Social S. L., Cogami Reciclado de Galicia S. L. (Coregal), Cualicar, Coregal Parques e Xardíns S. L. (Dixardín), Grafinco S. L., Hornos de Lamastelle S. A., Galega de Integratex S. L. (Integratex), Tratamento Medioambiental de Vehículos S. L. (Trameve) e Galega de Economía Social S. L. (GES), empresa matriz do Grupo Empresarial.

Este conglomerado de empresas oferta servizos e produtos a unha carteira de clientela que abrangue desde a contratación pública (Concellos, Deputacións provinciais, Goberno autonómico, entre outros) á comercialización no sector privado (canle HORECA, empresas de diversos sectores de actividade e persoas consumidoras).





foi a precursora do Grupo Empresarial, sendo a primeira en botar a andar no ano 1995 froito dun convenio de colaboración co Concello de Santiago para a recollida de papel e cartón; xa conta con 4 ecoplantas distribuídas polo territorio galego e un posicionamento referente no sector da xestión de residuos.



remonta os seus inicios ao ano 1991, cun cadro de persoal de 10 persoas e coas empanadas acabadas de enfornar como principal reclamo na súa contorna, sendo no ano 1999 cando se vencella de xeito definitivo a COGAMI, cun proceso de crecemento e expansión, chegando ao ano 2024 comercializando os seus produtos en todo o territorio español, e nalgúns países da contorna europea.



é a primeira iniciativa creada na cidade de Lugo, no ano 1998, consolidada xa como unha das imprentas veteranas de Galicia e con ampliación e diversificación das súas liñas de negocio, procurando a adaptación e competitividade dun sector profundamente transformado polas novas tecnoloxías.



nace a finais do 1999 logo dun proxecto presentado desde COGAMI á convocatoria europea *Horizon III* no que se formou a 15 persoas con discapacidade na desmontaxe e descontaminación de Vehículos Fóra de Uso (VFU) das que algo menos da metade pasaron a formar parte do cadro de persoal da empresa.



xorde no ano 2003 co propósito de que as empresas da Organización adquiriran unha estrutura propia e independente, apoiando a consolidación das Unidades de Negocio desde o asesoramento da matriz.

INTEGRATEX

data os seus inicios no 2007 coa posta en marcha dunha tenda *outlet* de roupa, calzado e complementos de Massimo Dutti en Allariz (Ourense), en colaboración con Inditex a través do seu programa "For&From" que se estendeu ata contar con 2 tendas *outlet* máis: Tempe de calzado e complementos (Allariz) e Pull&Bear de roupa (Ferrol).



inicia a súa andaina no transporte adaptado vencellado á actividade propia de COGAMI pero no ano 2009 dá o salto, amplía rutas e oferta o servizo externamente, fundamentalmente ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.



comezou prestando servizos auxiliares a COGAMI, despois a algunha clientela de renome en diferentes sectores ata constituírse, no ano 2009, como unha empresa de *outsourcing* que diversifica tanto os servizos que presta como os sectores de actividade da súa clientela.




nace no ano 2010 froito da fusión de Íntegro de Xardinería e Iso-Riparía, que atesouraban unha década de experiencia e traballo, resultando clave para a consolidación da actividade da nova empresa e permitíndolle incrementar a súa clientela no sector público a través de servizos de mantemento de espazos verdes e de novas iniciativas na dinamización da sostibilidade ambiental.



é unha marca comercial que xurde no ano 2019 froito da experiencia e coñecemento do sector do automóbil que atesoura Trameve e trala identificación de nicho de mercado na venda de vehículos seminovos multimarca.

5.1 PRINCIPAIS CIFRAS



	Persoal directivo	Xerencias de empresa	Mandos intermedios	Persoal técnico	Persoal operario
2024	12	9	46	56	639
2023	12	8	42	77	402

² Este exercicio económico recolle, por primeira vez, os datos de Combina Social S.L., sociedade que desde o 1 de maio do 2024 integrouse formalmente na estrutura de COGAMI Empresarial e cuxos resultados económicos compútanse desde esa data nas contas consolidadas do Grupo Empresarial.

PRINCIPAIS CIFRAS ECONÓMICAS CONSOLIDADAS DE COGAMI EMPRESARIAL

2024 ²	2023
28.253.050,25 €	24.534.589,68 €
Cifra de negocio	
2.165.612,10 €	1.320.966,89 €
Resultado antes de impostos	
840.764,02 €	1.751.168,00 €
Investimentos agregados	
13.389.856,29 €	10.419.303,00 €
Pagos en salarios	
929.693,27 €	755.703,00 €
Pagos á Seguridade Social	
470.138,89 €	363.372,57 €
Impostos pagados sobre beneficios	
18.468.145,48 €	15.618.058,00 €
Pagos a empresas proveedoras	
4.418.523,08 €	3.444.829,64 €
Subvencións e axudas públicas	
18.299.480,80 €	14.448.019,23 €
Patrimonio neto	

5.2 AS NOSAS EMPRESAS³



³— COGAMI Empresarial conta con outra Unidade de Negocio, Artegalia, con actividade no sector do comercio. Aínda que se inclúe no cómputo global de datos cuantitativos do Grupo, non se ofrece maior detalle desagregado ao atoparse en cese temporal de actividade, tras concluír o labor comercial que desenvolvía a través da súa marca Alentae, centrada na comercialización de máscaras cirúrxicas durante o período 2020–2023, no contexto da pandemia mundial provocada polo COVID-19.

5.2.1



Galega de Economía Social (GES) é a empresa matriz de COGAMI Empresarial e actúa como iniciativa de coordinación, apoio e control da actividade das empresas que conforman o Grupo Empresarial. Como tal, GES é a empresa responsable de promover a estratexia que lidera COGAMI Empresarial, así como impulsar as políticas que afectan a todas as empresas, sempre desde unha óptica de colaboración, escoita activa e proposición de melloras continuas que fortalecen o músculo empresarial, en xeral, e incrementan a competitividade de cada empresa, en particular. Ademais, GES presta servizos de consultaría e asesoría ás empresas de COGAMI Empresarial nos eidos económico-financeiro, laboral, de prevención de riscos laborais, calidade, recursos humanos, estratexia de negocio e comunicación.

Entre os principais fitos acadados por GES no ano 2024, e que afectan ao conxunto das empresas de COGAMI Empresarial, destacan: o arranque da implementación da metodoloxía de **Atención Integral Centrada na Persoa** (AICP), con sesións formativas e informativas para persoal directivo e técnico no primeiro semestre do ano, e accións concretas de execución do Proxecto no segundo semestre; a creación e posta en

marcha do **Grupo de Traballo de Sostibilidade Ambiental**, integrado por persoas de COGAMI Empresarial e COGAMI Social de cara a implantar e fomentar a estratexia transversal de medio ambiente na Organización. Ámbalas dúas accións enmárcanse no Proxecto "**La AICP y Sostenibilidad Ambiental: palancas para el mantenimiento del empleo y fortalecimiento**" financiado pola *Confederación Empresarial Española de la Economía Social* (CEPES) e que estará activo ata o ano 2026.

Por outra banda, na actividade empresarial cómpre salientar a participación no Programa

"Activa Crecimiento" do *Ministerio de Industria y Turismo*, que permitiu obter un asesoramento especializado en crecemento industrial en seis áreas: innovación, recursos humanos, operacións, dixitalización, *marketing* e comercialización e finanzas; a adhesión á Alianza Galega polo Clima promovida pola Xunta de Galicia contra o cambio climático; o cambio na xestión da Canle Interna de Información *Compliance*, diferenciando unha propia para COGAMI Empresarial e co nomeamento de **Rosa Gutiérrez, directora de Negocio**, como responsable do Sistema Interno de Información da canle de COGAMI Empresarial.



5.2.2



Accede Social é unha empresa de transporte adaptado para persoas con discapacidade, mobilidade reducida ou en situación de dependencia que ofrece os seus servizos en diversas rutas terrestres en Galicia de cara a favorecer o desprazamento das persoas usuarias.



O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar da Xunta de Galicia é o principal cliente de Accede Social, polo que a cobertura do seu servizo beneficia ás persoas usuarias do mesmo, facilitando a súa mobilidade en desprazamentos, baixo un contrato público que abrangue desde xuño de 2023 ata maio de 2025.

O ano 2024 foi un ano de fitos para a empresa, destacando: 38 matriculas de vehículos en activo, o maior rexistrado ata a data, 30 rutas activas, o máximo que se pode prestar no servizo adxudicado, e 97 persoas integrando o cadro de persoal, número máis alto de persoal contratado que ten contabilizado a empresa. A estes datos súmase a incorporación de 3 novos vehículos, como parte do proceso de renovación da frota que Accede Social vén acometendo de xeito progresivo anualmente, dotando o seu parque móbil de vehículos con mellores prestacións e máis eficientes.

No que respecta ao resultado do exercicio hai que lembrar que no ano 2023 Accede Social implementou unha suba nos salarios derivada do novo Convenio colectivo de transportes. Aquela actualización, se ben positiva, trouxo consigo un importante incremento da partida salarial que non é posible repercutir no marco do contrato público vixente, polo que segue condicionando o resultado económico que rexistra a empresa nestes dous últimos anos.

En 2024 destacan tamén a formación, os RR.HH. e a igualdade, aspectos nos que a empresa vén investindo de cara a reter o talento que capta e a incrementar o benestar laboral do seu cadro de persoal. Unha mostra dese compromiso foi a participación de **Silvia Alende, xerente de Accede Social**, na xornada 'Mulleres líderes na Economía Social', organizada por EspazoCoop (Unión de Cooperativas Galegas).

	 Cifra de negocio	Resultado antes de impostos	Investimentos realizados
2024	1.785.731,29 €	66.969,63 €	301.278,72 €
2023	1.670.953,00 €	61.941,00 €	95.828,93 €



5.2.3



Combina Social é unha empresa de *outsourcing* que presta servizos externos a empresas en sectores da economía moi diversos e que abranguen desde servizos de limpeza e mantemento, control de accesos, recepción ou conserxería a servizos de loxística e procesos industriais, control de calidade ou procesos administrativos.


Combina Social, se ben leva máis de 20 anos vencellada a COGAMI na súa actividade empresarial, é no ano 2024 cando entra a formar parte organizativamente da estrutura de COGAMI Empresarial. Combina Social ten a súa oficina principal en Santiago de Compostela, pero está presente, como empresa que presta servizos externos, en máis dun centenar de centros de traballo pertencentes a empresas da súa clientela, distribuídos nas 4 provincias galegas, fundamentalmente en A Coruña e Pontevedra.

No que se refire á actividade empresarial, o ano 2024 trouxo para Combina Social a adxudicación de varios contratos públicos como o servizo de limpeza do Centro Galego de Desenvolvemento Integral (CEGADI), o servizo de recepción da

Escola de Altos Estudos Musicais, o de atención ao público nos centros municipais do distrito de Vigo ou a renovación do servizo de xestión de visitantes do Pazo de Mariñán, o cal xa viña desempeñando desde 2016.

Á importancia destes servizos de contratación pública súmase a actividade ordinaria que Combina Social realiza no eido privado, en empresas do sector da alimentación, banca ou

automoción, sen desatender a súa implicación en proxectos sociais como “Crea Fogar”, enfocado no interiorismo e deseño galego. A este respecto destaca a participación da **xerente de Combina Social, Raquel Alvite**, nun faladoiro sobre as dificultades que afrontan as persoas con enfermidades de longa duración, coidadoras e persoas con discapacidade á hora de acceder a un emprego.



5.2.4



Xestión integral de residuos

Coregal é unha empresa de xestión integral de residuos non perigosos que desenvolve a súa actividade na procura da redución, reciclaxe e valorización de residuos, baixo o paraugas da sustentabilidade ambiental e coa economía circular como modelo de referencia na actividade empresarial que realiza.

Durante o ano 2024 Coregal rexistrou varios fitos importantes como o “Premio Excelencia Empresarial” que outorga o Concello de Santiago, no que recibiu unha mención especial na categoría “Boas prácticas de empresas de Economía Social”, varios acordos empresariais de interese estratéxico en materias como a aplicación de tecnoloxías intelixentes para mellorar a segregación en orixe ou a procura de solucións integrais, innovadoras e circulares na xestión de plástico técnico. A isto súmase a participación na Feira ExpoMunicipal 2024 de Silleda (Pontevedra) dando a coñecer diferentes experiencias de uso e solucións que está implantando en concellos galegos.

Destacan tamén a creación dun laboratorio de plásticos, na ecoplanta situada no Concello de Mos, no que se analiza a calidade dos polímeros tratados en planta, asegurando o cumprimento


normativo e as recentes normas técnicas UNE-EN e a posición vantaxosa fronte a outros competidores na contratación pública, xa que a normativa actual obriga a que as licitacións para a xestión de residuos sexan a través de contratación reservada.

Entre os principais servizos novidosos que Coregal abordou ao longo do 2024 destaca a ampliación que ten feito na oferta de campañas medioambientais. Trátase dun importante avance

na formación e información de experiencias que contribúen notablemente a concienciar e sensibilizar ao tempo que artellan solucións que sexan respectuosas e responsables coa contorna e coa protección do medio ambiente.

Entre os diversos compromisos sociais que asumiu Coregal, baixo a **xerencia de Antonio Pena**, destaca a Campaña promovida en colaboración co Concello de A Coruña para a instalación de colectores coa bandeira LGTBI no día do Orgullo.

	 Cifra de negocio	Resultado antes de impostos	Investimentos realizados
2024	10.158.053,52 €	775.841,02 €	229.052,89 €
2023	8.935.260 €	532.125 €	1.005.760,39 €





Santiago de Compostela, Boiro, Carballo (A Coruña) e Mos (Pontevedra)

4 ecoplantas



11

Puntos limpos xestionados en concellos galegos

ISO 9001 Sistema de Xestión de Calidade

ISO 14001 Sistema de Xestión Ambiental

ISO 45001 Sistema de Xestión da Seguridade e a Saúde no Traballo



Certificacións




Outras cifras

Durante 2024 xestionáronse

34.670,48 t de residuos

Parque de vehículos de **66 camiós**



5.2.5



Cualicar é unha marca comercial dedicada á venda de vehículos seminuevos multimarca que xorde do amplo coñecemento do sector do automóbil, concretamente da man de Trameve, unha das Unidades de Negocio de COGAMI Empresarial, e como resposta a unha demanda crecente no mercado deste tipo de produtos.

Cualicar iniciou a súa actividade en 2019, nun contexto marcado pola pandemia do Covid-19 e pola profunda transformación do sector da automoción. A evolución na oferta de vehículos, os cambios nos tipos de motorización e a escaseza de pezas están a redefinir o mercado no que opera Cualicar. Neste escenario, a empresa afronta o reto con vocación de servizo, ofrecendo atención personalizada e adaptándose con flexibilidade ás necesidades de cada cliente.

Os vehículos que se comercializan en Cualicar teñen entre 0 e 3 anos de antigüidade e menos de 50.000 km sendo posible tanto a compra *online*, como a entrega na porta da casa e o financiamento do vehículo adquirido, facilidades que demandan as persoas consumidoras e que teñen mudado as relacións e transaccións da venda de vehículos.

Ao longo do ano 2024, Cualicar apostou pola formación en *e-commerce* e negocios dixitais, xa que na rede *online* estase a producir un aumento do negocio deste tipo de vendas e para a empresa resulta fundamental actualizarse e innovar nesta canle de comercialización. Isto permitiu facer unha achega do servizo personalizado á súa clientela ao tempo que identificar produtos máis competitivos, establecendo unha rede de contactos entre

empresas provedoras que garantan a elección da mellor solución de mobilidade que demanda cada cliente.

En relación co resultado do exercicio económico, obsérvase unha tendencia positiva que reflicte o fortalecemento da marca e o incremento sostido da demanda de vehículos fóra de Galicia.

	 Cifra de negocio	Resultado antes de impostos	Investimentos realizados
2024	483.859,80 €	29.873,39 €	0 €
2023	547.203,75 €	23.701,74 €	0 €

 **1**
Mulleres

1
Total persoas traballadoras

 **Santiago de Compostela (A Coruña)**
1 centro de venda

 **Outras cifras**
Vehículos vendidos 22

Vendas realizadas fóra de Galicia 68 %

5.2.6



Dixardín é unha empresa que centra a súa actividade na oferta de servizos integrais de xardinería e paisaxismo, no deseño e mantemento de espazos verdes e na aposta pola contorna e o seu coidado, de aí que ofrezca solucións que teñen a accesibilidade e a sostibilidade como principios reitores.

2024 foi un ano de intensa actividade para Dixardín, xa que nese ano rexistrouse a renovación de contratos públicos que resultan clave para a súa actividade, como é o caso dos servizos prestados no mantemento de parques e xardíns para o Concello de Carballo (A Coruña), dando continuidade a un traballo que se vén realizando desde hai anos e que se traduce no recoñecemento en certames especializados, como foi o caso do segundo *Premio Nacional de Jardinería*, PARJAP 2024, xunto cos contratos doutros Concellos como O Pino e Ames, na provincia de A Coruña.


2024 foi tamén o ano da consolidación do Proxecto dos "Hortos Urbanos do Paseo do Rato", dependente da Deputación de Lugo e xestionado por Dixardín, que conta con máis de 150 parcelas,

incluíndo hortos aromáticos e escolares. O Proxecto superou as 1.000 persoas usuarias e implicou a unha decena de entidades sociais, ofrecendo máis de 400 horas de formación enmarcadas en máis de 50 actividades. Este Proxecto, activo ata o ano 2027, continúa a medrar como espazo de dinamización, aprendizaxe e inclusión social para a cidade de Lugo.

A nivel de feiras, Dixardín participou en ExpoMunicipal 2024, celebrada en Silleda, e

en Biocultura 2024, que tivo lugar en A Coruña, onde deu a coñecer o seu labor e o traballo que veñen realizando en numerosos proxectos, baixo a **xerencia de Carlos Iglesias**. Destaca tamén o incremento do volume de negocio derivado da contratación pública, que complementa aos servizos que prestan en mantemento de parques e xardíns e de zonas verdes en xeral, e a aposta pola creación de illas de calor e de biodiversidade urbana como solucións de sostibilidade ambiental.

	Cifra de negocio	Resultado antes de impostos	Investimentos realizados
2024	2.189.260,78 €	446.425,40€	44.291,82 €
2023	2.079.090 €	419.891,00 €	124.478,85 €





Ames, Arzúa, Carballo e Outes (A Coruña)

4 centros de traballo



ISO 9001 Sistema de Xestión de Calidade

ISO 14001 Sistema de Xestión Ambiental

Certificacións



Outras cifras

628.000 m² de superficie traballada



5.2.7



Grafinfo é unha imprenta especializada en deseño de *packaging* de pequeno formato, impresión de materiais téxtiles e embalaxe, así como nos servizos propios de impresión *offset* e dixital e de *merchandising*. Ademais, Grafinfo reforza a oferta á súa clientela cunha tenda *online* na que adquirir material de oficina e outros produtos de papelería.

O sector das artes gráficas é un sector moi atomizado, que leva tempo facendo fronte a procesos de migración dixital, así como a cambios de comportamento en soportes e materiais publicitarios ou de produción que tanto afectan ao traballo que se desenvolven desde as imprentas. De aí que as empresas do sector, como é o caso de Grafinfo, precisen reforzar a súa estratexia comercial e redefinir a súa oferta e as ferramentas para comunicar o seu potencial e o seu proceso de adaptación aos cambios.

Deste xeito, o 2024 foi un ano repleto de medidas de mellora continua para Grafinfo, que redefiniu as súas liñas de negocio, apostando por ferramentas de *marketing* e comunicación no seu labor comercial e na escoita activa da súa clientela.

Entre as novidades cómpre destacar que no ano 2024 Grafinfo abordou unha redefinición e ampliación do seu Catálogo de produtos e servizos, destacando a produción propia de mercado téxtil e de produtos promocionais a través de novidosas técnicas como DTF (*Direct to Film*) ou sublimación. Ademais, reforzou a súa presenza *online* mediante a creación de perfís nas Redes Sociais con maior presenza da súa clientela potencial, rediseñando tamén

a súa *web* para achegar as novidades do seu Catálogo.

A finais do ano 2024, con **Alejandro Rouco o seu xerente** como anfitrión, Grafinfo acolleu a reunión anual de xerencias de COGAMI Empresarial e aproveitou a ocasión para dar a coñecer as melloras que está a realizar a empresa e reafirmarse como provedor en artes gráficas para o resto das empresas do Grupo Empresarial.

	Cifra de negocio	Resultado antes de impostos	Investimentos realizados
2024	1.089.893,74 €	- 66.570,37 €	5.737,32 €
2023	933.729,00 €	7.254,00 €	104.104,06 €





Lugo

1 centro de impresión

FSC (*Forest Stewardship Council*)
e PEFC (*Program for Endorsement
of Forest Certification*)



no uso de materias primas procedentes
da xestión forestal sostible

Certificacións



Outras cifras


Volume de actividade por vendas

Merchandising

23,3 %

Packaging /
Troquelados

14,1 %



Impresións
(libros, revistas e outros
materiais impresos)

62,6 %



5.2.8



Hornos de Lamastelle é unha empresa do sector da alimentación que fabrica e distribúe produtos de panadería, variedade de empanadas, repostería como a Tarta de Santiago (con Indicación Xeográfica Protexida -IXP-) e outros produtos en distintos tamaños e formatos. A empresa ten na canle HORECA (Hoteis, Restaurantes e Cafeterías) e nas cadeas de distribución alimentaria dous bos aliados para comercializar os seus produtos, tanto en Galicia como noutras Comunidades Autónomas.

2024 foi un ano que deixa varios fitos en Hornos de Lamastelle: a renovación da certificación ISO 22000 de Sistema de Xestión de Seguridade Alimentaria, a superación dos resultados do pasado ano e a colaboración coa empresa Alentae (opera coa marca comercial Intercros) para a comercialización internacional de produtos de bojería. Se ben resultou un ano convulso pola inestabilidade de prezos dalgunhas materias primas, parte do éxito da empresa radica en conseguir incrementar vendas, grazas á boa relación calidade-prezo, e

en encamiñar á demanda dos seus produtos cara á desestacionalización.

Na súa acción empresarial destaca a participación no InterSicop, o *Salón Internacional de Panadería, Pastelería, Heladería, Café y Equipamiento* que se celebrou en Madrid e o peche da tenda que tiña desde había 13 anos na cidade de A Coruña (venta a consumidor final, B2C), centrando os seus esforzos na venda a empresa, B2B, no proceso de produción e distribución e na continuación da estratexia de penetración nos *retail* doutros territorios.

Nas novidades de produto destaca o lanzamento do bolo preñado, unha novidade que se enmarca dentro da categoría das masas fermentadas, e que ten demanda e moi boa acollida entre as persoas consumidoras.

No ano 2024 **Manuel Santos, xerente de Hornos de Lamastelle**, acolleu na fábrica a visita institucional, entre moitas outras que tiveron lugar, do presidente da Deputación de A Coruña para dar a coñecer a actividade e o proceso produtivo na elaboración de produtos e variedades da empresa.



	Cifra de negocio	Resultado antes de impostos	Investimentos realizados
2024	8.821.837,64 €	1.228.130,16 €	182.258,96 €
2023	8.045.517,00 €	1.010.976,35 €	394.227,16 €



34

Mulleres

75

Homes

109

Total persoas traballadoras



89,9 %

Persoas traballadoras con discapacidade



Oleiros (A Coruña)

1 fábrica



ISO 22000 Sistema de Xestión da Seguridade Alimentaria
Tarta de Santiago con **Indicación Xeográfica Protexida (IXP)**

Certificacións



Outras cifras

case **3.000 t** de masa enforcada
(11,2 % máis que en 2023)



5.2.9

INTEGRATEX

Integratex é unha empresa do sector *retail* téxtil que nace da colaboración co Proxecto “For&From” de Inditex, empresa multinacional de fabricación e distribución téxtil, e que se traduce na xestión de 3 tendas *outlet* para a venda de roupa, calzado e complementos das marcas Massimo Dutti, Tempe e Pull&Bear.

No ano 2024 Integratex rexistrou o nomeamento de **Yaiza Somorrosto como xerente**, así como unha lixeira suba da facturación con respecto ao ano anterior. A incorporación da nova xerencia supuxo unha liña de continuidade co traballo que se viña desenvolvendo, así como coa estabilidade dos equipos de traballo, ao mesmo tempo que unha nova visión da xestión de persoal e de enfoques de cara á mellora continua do benestar das persoas, unha das máximas do Grupo Empresarial e, *por ende*, tamén de Integratex.

O incremento na facturación é resultado do labor que vén desenvolvendo a empresa na comercialización de produtos téxtiles e de calzado nas súas tres tendas, destacando a implantación do sistema de xestión RFID, de identificación por radio frecuencia. Trátase dunha tecnoloxía innovadora que permite a



identificación e xestión eficiente de inventarios, favorecendo o control e trazabilidade de cada produto e con funcionalidades que permiten obter datos sobre os procesos de almacenamento, loxística, compra, etc., de cara á toma de decisións máis informadas, con criterios máis obxectivos da rendibilidade en tenda.

Este feito refórzase coa atención que desde as tendas se está a pór no escaparatismo, unha estratexia comercial e de captación do interese das persoas consumidoras, que contribúe a incrementar o reclamo de produtos, ao mesmo tempo que

reforza a imaxe de marca coidada en cada unha das diferentes marcas coas que opera Integratex.

A estas cuestións de estratexia empresarial e comercial, súmanse outros avances e melloras que desde Integratex se teñen realizado para a tenda de Ferrol, tanto no que se refire ao sistema de aclimatación da tenda, como a pequenas reformas e a dotación dun espazo de descanso para as persoas traballadoras, que tamén pretende servir de espazo de formación e encontro para establecer relacións co tecido socioempresarial da contorna.

	 Cifra de negocio	Resultado antes de impostos	Investimentos realizados
2024	1.378.475,93 €	112.275,21 €	0 €
2023	1.354.905 €	112.773,26 €	0 €



5.2.10



Trameve é unha empresa clasificada como Centro Autorizado de Tratamento (CAT) segundo a Dirección General de Tráfico, para Vehículos Fóra de Uso (VFU), ben sexa porque os vehículos tiveron un sinistro ou porque acadaron o fin da súa vida útil. Deste xeito, a actividade empresarial de Trameve contribúe notablemente á denominada economía circular, coa valorización das pezas aproveitables, ao mesmo tempo que asume a xestión, descontaminación e tratamento axeitado para cada tipo de compoñente e residuo.

No ano 2024, Trameve abordou a actualización do seu software de xestión Enterprise Resource Planning (ERP) para mellorar a planificación de recursos e a eficiencia na súa xestión, mellora para a que foi preciso reestruturar as fontes de información primaria de Trameve, o tratamento das bases de datos coas que conta a empresa na xestión empresarial e comercial e formar ao persoal nas novas funcionalidades do software de xestión interno.




Este tipo de avances forman parte da mellora continua coa que Trameve está comprometida, baixo a xerencia de Luis Penido, en cada un

dos procesos internos que se desenvolven na empresa e que teñen a sostibilidade social, económica e ambiental, así como a aposta pola economía circular, no centro da súa actividade, de cara a traballar sempre con criterios de eficacia e eficiencia empresarial.

Outra mostra deses criterios é a modificación dos lucernarios que foi realizada en 2024, aproveitando ao máximo a luz solar para o

alumeado natural das instalacións, reducindo notablemente o consumo enerxético que precisan as instalacións para o desenvolvemento da súa actividade diaria. Esta aposta polo consumo eficiente incide directamente na redución da pegada de carbono e contribúe a diminuír o gasto económico que, como xa se apuntaba, é un dos compromisos coa sostibilidade ambiental que rexe a actividade ordinaria desta Unidade de Negocio.

	Cifra de negocio	Resultado antes de impostos	Investimentos realizados
2024	523.280,10 €	89.263,50 €	68.145,82 €
2023	534.303,46 €	125.336,46 €	25.501,57 €



5.3 RESUMO DA ACTIVIDADE EMPRESARIAL

XANEIRO

- **Trameve** acolleu a visita da delegación provincial do PSdeG-PSOE para coñecer o seu modelo de negocio e a actividade que desenvolven ao redor da economía circular.
- **Hornos de Lamastelle** recibiu a visita institucional do presidente da Deputación da Coruña, na que deu conta dos seus avances na fabricación de produtos e na aposta pola innovación no sector da alimentación.



FEBREIRO

- **Hornos de Lamastelle** participou no *Salón Internacional de Panadería, Pastelería, Heladería, Café y Equipamiento* que tivo lugar en IFEMA (Madrid).
- **Dixardín** acompañou á alcaldesa de Lugo na visita ao novo Parque da Lembranza deseñado pola empresa para conmemorar e non esquecer a solidariedade durante a pandemia polo Covid-19.



- **COGAMI Empresarial** estivo na Feira Emprego In Campus, en Vigo, de cara a captar talento entre o estudantado universitario.

MARZO

- **Dixardín** acudiu á Feira Biocultura dedicada aos produtos ecolóxicos, o ecoturismo e a vida saudable que se celebrou en ExpoCoruña.

ABRIL

- **COGAMI Empresarial** participou en ExpoMunicipal 2024 en Silleda (Pontevedra), Feira de Servizos Municipais, coas empresas Combina Social, Coregal, Dixardín, Grafínco e a matriz Galega de Economía Social.



XUÑO

- **Grafinco** abordou unha estratexia de *marketing* e comunicación, de cara a introducir melloras na súa páxina *web*, activar perfís en Redes Sociais e actualizar o seu Catálogo con novos produtos e servizos.

XULLO

- **Coregal** entrou a formar parte da Xunta Directiva de VIRATEC, o Clúster Galego de Solucións Ambientais e Economía Circular.

SETEMBRO

- **Trameve** tivo a visita nas súas instalacións do Secretario Xeral de Emprego e Relacións Laborais da Xunta de Galicia.




NOVEMBRO

- **Grafinco** acolleu a reunión anual de xerencias de COGAMI Empresarial, nunha xornada na que ademais visitaron as instalacións para coñecer as melloras da imprenta e recibiron materiais serigrafiados ou impresos en téxtil con novas técnicas.



DECEMBRO

- **Hornos de Lamastelle** acada resultados positivos nas probas que realiza en colaboración coa Universidade de A Coruña para avaliar o desperdicio alimentario e obter material de alto valor de compostaxe. Este proxecto foi cofinanciado pola FSE+ a través dunha convocatoria de CEPES.



5.4 ANÁLISE DE MATERIALIDADE


A Materialidade é o proceso polo cal se identifican, valoran e priorizan os **aspectos Ambientais, Sociais e de Gobernanza** (ASG) que resultan máis relevantes para unha organización, tanto polos seus impactos actuais ou potenciais sobre as persoas e o medio como pola súa influencia no desenvolvemento, resultados e situación financeira da entidade. No caso de COGAMI Empresarial, este enfoque permite que

aliñemos a xestión sostible coa nosa realidade como Grupo Empresarial da Economía Social, sen ánimo de lucro e con vocación inclusiva.

A Directiva (UE) 2022/2464 sobre Información corporativa en materia de Sostibilidade establece a obrigatoriedade de aplicar o enfoque de dobre materialidade segundo os Estándares Europeos de Información en Sostibilidade (NEIS). En COGAMI Empresarial xa viñemos realizando Análises de Materialidade en exercicios anteriores, mais este é o primeiro ano en que se adopta de forma sistemática o marco das NEIS, aplicando os criterios ASG sobre unha

dobre materialidade, de impacto e financeira, identificando desta forma Impactos, Riscos e Oportunidades (IROs) da actividade na contorna, e viceversa.

Para levar a cabo esta Análise de Materialidade, contouse coa participación activa dos Grupos de Interese e aplicouse unha metodoloxía aliñada coas NEIS, garantindo tanto o rigor como a relevancia estratéxica do proceso, e establecendo un proceso de análise que permita atender ás esixencias e recomendacións da normativa europea que regula este enfoque de análise.



O proceso desenvolveuse en tres fases:

- 1. **Identificación inicial:** selección dos aspectos materiais a partir da listaxe NEIS, mediante un proceso interno de reflexión multidisciplinar, considerando tanto a Materialidade de Impacto como a Financeira.
- 2. **Priorización:** avaliación interna e externa da relevancia de cada aspecto, a través dunha consulta estruturada aos principais Grupos de Interese de COGAMI Empresarial.
- 3. **Análise final:** integración dos resultados para determinar os Impactos, Riscos e Oportunidades máis relevantes para COGAMI Empresarial, servindo de base para a definición das prioridades estratéxicas en sostibilidade.

Deste xeito, identificáronse aspectos que desde COGAMI Empresarial consideramos estratéxicos pola súa capacidade de impactar -positiva ou negativamente- nos Grupos de Interese e na contorna, ou ben por representar Riscos ou Oportunidades relevantes para o desenvolvemento das nosas actividades e a consecución de resultados.

Os aspectos considerados críticos e de máxima prioridade foron aqueles relacionados coas persoas, a creación de emprego, o benestar laboral e o valor social xerado na comunidade, con especial atención á normalización da discapacidade. O resto de

aspectos foron cualificados como relevantes ou complementarios, por ser tamén imprescindibles para avanzar nos obxectivos, e na Misión e Visión de COGAMI.

		Materialidade de Impacto		Materialidade Financeira	
		Impacto		Risco	Oportunidade
		-	+		
E1: Sostibilidade ambiental e cambio climático	Cambio Climático	-	+	R	O
	Xestión de residuos e desperdicio alimentario	-	+		
	Reciclaxe, reutilización de materiais, compostaxe e economía circular		+	R	O
S1: Persoal propio	Benestar laboral	-	+	R	
	Saúde e seguridade no traballo		+		
S2: Cadea de valor	Promoción de provedoras/es locais e criterios sociais		+		
S3: Colectivos afectados	Valor social xerado na comunidade		+	R	
S4: Consumidoras/es e usuarios/as finais	Produtos e servizos		+		O
G1: Conduta empresarial e Gobernanza	Código ético e cumprimento normativo		+		
	Comunicación e transparencia	-	+		
	Fortalecemento da cultura organizativa e mellora continua		+	R	O

Crítico Relevante Complementario

E1 Sostibilidade ambiental e cambio climático

I+

- Implantación efectiva de medidas de eficiencia enerxética e autoconsumo nas instalacións.
- Vixencia de plans para a renovación da frota cara a vehículos de maior eficiencia.
- Esforzos por asegurar a maior transparencia e trazabilidade na xestión do residuo, así como promover a súa valorización e fomentar a economía circular.

I-

- Existencia de instalacións con alta demanda enerxética con marxe de mellora para a instalación de medidas de eficiencia.

R

- Impactos derivados de fenómenos climáticos extremos ou crises enerxéticas.
- Volatilidade nos prezos da enerxía e combustibles fósiles.

- Liñas de negocio moi sensibles á escaseza e variabilidade no prezo de materias primas e recursos utilizados.

- Nivel de esixencia das cláusulas ambientais de determinados contratos públicos que poderían impedir a concorrência ao non ter capacidade para cumprilas.

O

- Existencia de liñas de financiamento para investimentos co obxectivo de diminuír o impacto no cambio climático.

S1 Persoal propio

I+

- Adaptación dos postos de traballo e garantía da accesibilidade universal nos espazos de traballo.
- Promoción do benestar laboral mediante programas de conciliación, saúde emocional e ergonomía no traballo, así como a implantación da Atención Integral Centrada na Persoa (AICP).

- Formación continua para o desenvolvemento profesional do cadro de persoal.

I-

- Posibilidade de darse situacións de acoso ou prácticas discriminatorias para o que se conta cunha Canle responsable de denuncias e un Protocolo de Prevención e Actuación do acoso no traballo.
- Seguimento para evitar sobrecarga emocional ou física en certos postos e aparición de conflitos laborais.

R

- Vixilancia continua ante a posible desprotección de datos persoais das persoas traballadoras.

S2 Cadea de valor

I+

- Aposta e compromiso pola contratación de provedoras/es locais.

S3 Colectivos afectados

I+

- Traballo a prol da creación e mantemento de emprego na contorna para persoas con discapacidade.
- Oferta de asesoramento a terceiras persoas sobre o cumprimento da Lei Xeral de Discapacidade.
- Participación en accións de visibilización institucional que contribúen a unha percepción máis normalizada e inclusiva da discapacidade.

R

- Existencia de dificultades para atopar perfís profesionais para determinados postos de traballo. Tamén é preciso atender á necesidade do relevo xeracional en postos clave.

S4 Produtos e servizos

I+

- Traballo en favor da incorporación de criterios de accesibilidade nos produtos e servizos ofertados.

- Fomento da escoita activa e o diálogo fluído coa clientela, ofrecendo solucións rápidas ás súas necesidades.

O

- Existencia dunha demanda crecente de servizos accesibles, inclusivos e personalizados.

G1 Conduta empresarial e gobernanza

I+

- Disposición de sólidas ferramentas internas para asegurar o cumprimento normativo, así como a xestión de incidencias e denuncias a nivel interno.
- Traballo a prol da visibilización da marca COGAMI Empresarial e potenciación de sinerxías comerciais entre as empresas que integran o Grupo Empresarial.
- Participación de forma activa na vixilancia e incidencia política para o cumprimento de dereitos laborais das persoas con discapacidade e a promoción da contratación pública reservada.

I-


- Evitar a incoherencia entre a mensaxe institucional e as prácticas reais da Organización, o que pode afectar á credibilidade e confianza dos Grupos de Interese. É fundamental garantir que a comunicación externa reflicta fielmente os Valores, compromisos e accións desenvolvidas.

R

- Cambios normativos ou restricións no financiamento público que poidan afectar á viabilidade de certas actividades.

O

- Escenario de aproveitamento das ferramentas dixitais e novas tecnoloxías para seguir mellorando na eficiencia dos procesos.





6

AS NOSAS PERSOAS

6 AS NOSAS PERSOAS

En COGAMI Empresarial compartimos o Propósito da Organización de *conseguir a plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade*, desde unha Visión

caracterizada por *ser unha entidade centrada na persoa*, o que pon de manifesto a importancia que teñen as persoas que conforman os Equipos Humanos das nosas empresas e que se traduce no compromiso que desde o Grupo facemos en cuestións relacionadas coa xestión dos Recursos Humanos, en toda a amplitude do concepto.

O Equipo Humano de COGAMI Empresarial vimos medrando ano tras ano e xa somos 762 persoas, que desempeñamos as nosas funcións desde diferentes postos en cada empresa ao longo do territorio galego. Cómpre salientar que a boa parte das persoas traballan en oficinas ou centros de traballo da provincia de A Coruña.

46

Empresa	Distribución por áreas xeográficas de traballo	Nº persoas traballadoras
Galega de Economía Social	Oficinas centrais en Santiago de Compostela (A Coruña)	29
	Total Galega de Economía Social	29
Accede Social	Oficinas centrais en Santiago de Compostela (A Coruña)	2
	Servizo comarca de Lemos (Lugo)	21
	Servizo área de Vigo e O Baixo Miño (Pontevedra)	59
	Total Accede Social	82
Artegalia	Fábrica Bergondo (A Coruña)	1
	Total Artegalia	1
Combina Social	Oficinas centrais Santiago de Compostela (A Coruña)	162
	Centro de traballo Lugo (Lugo)	35
	Total Combina Social	197
Coregal	Ecoplanta Mos (Pontevedra)	52
	Ecoplanta Boiro (A Coruña)	59
	Ecoplanta de Carballo (A Coruña)	41
	Ecoplanta de Santiago de Compostela (A Coruña)	76
	Total Coregal	228
Cualicar	Concesionario de Santiago de Compostela (A Coruña)	1
	Total Cualicar	1


Empresa	Distribución por áreas xeográficas de traballo	Nº persoas traballadoras
Dixardín	Centro de traballo de Carballo (A Coruña)	20
	Centro de traballo de Arzúa (A Coruña)	6
	Centro de traballo de Outes (A Coruña)	4
	Centro de traballo de Ames e Oficinas centrais (A Coruña)	37
	Total Dixardín	67
Grafinco	Imprenta (Lugo)	14
	Total Grafinco	14
Hornos de Lamastelle	Reparto de mercadería (A Coruña)	5
	Fábrica Oleiros (A Coruña)	104
	Total Hornos de Lamastelle	109
Integratex	Tenda Pull&Bear Ferrol (A Coruña)	10
	Tenda Massimo Dutti Allariz (Ourense)	8
	Tenda Temple Allariz (Ourense)	5
	Total Integratex	23
Trameve	Nave e tenda Santiago de Compostela (A Coruña)	11
	Total Trameve	11
TOTAL		762

PRESENCIA EMPRESARIAL EN GALICIA
(% de persoas traballadoras)





6.1 EMPREGO E DIVERSIDADE

No noso compromiso coa creación de emprego para persoas con discapacidade, a diversidade é un elemento clave á hora de fomentar a contratación e de crear estabilidade para as persoas que forman parte do Equipo Humano, de aí que as principais cifras reflictan a heteroxeneidade que se observa nos datos de caracterización demográfica e social das persoas traballadoras.




48



6.2 CREACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO E NOVAS OPORTUNIDADES

En COGAMI Empresarial mantemos o liderado en Galicia como principal entidade e marca empregadora no eido da discapacidade, sendo o Grupo Empresarial favorece a inclusión laboral dun maior número de persoas con discapacidade.



Esta posición de preponderancia mantense ao longo do tempo e segue a arrojar cifras de crecemento sostido, observándose un incremento na contratación de persoas con discapacidade, que no ano 2024 rexistra un total de 762 persoas.

En COGAMI Empresarial incrementamos notablemente o noso cadro de persoal, sendo unha das razóns que fundamentan ese crecemento a incorporación de Combina Social ao Grupo Empresarial en termos de consideración nas estatísticas empresariais, xa que iso supuxo 197 persoas máis no cómputo xeral. A isto

súmanse as novas incorporacións que se teñen producido en 2024 nas diferentes empresas do Grupo, entre as que destacan Coregal, case cun 9 % máis de persoal, e Accede Social, cun 5 %.

En COGAMI Empresarial vimos de experimentar, sobre todo no ano 2023, un aumento significativo do cadro de persoal, cun centenar de persoas máis, polo que o 2024 enténdese que é un ano destacable por ter mantido os postos de traballo xa creados, sendo o Propósito da Organización e un reforzo da solidez que ten o Grupo Empresarial como marca empregadora.

Empresas de COGAMI Empresarial	Persoas traballadoras 2024		Persoas traballadoras 2023
Galega de Economía Social	29	1 ↑	28
Accede Social	82	4 ↑	78
Artegalia	1	0 =	1
Combina Social	197	-	-
Coregal	228	20 ↑	208
Cualicar	1	0 =	1
Dixardín	67	1 ↑	66
Grafinco	14	0 =	14
Hornos de Lamastelle	109	1 ↑	108
Integratex	23	-2 ↓	25
Trameve	11	-1 ↓	12
TOTAL PERSOAS TRABALLADORAS	762	221 ↑	541

POSTOS DE TRABAJO E UNIDADES DE NEGOCIO

A maior parte das persoas traballadoras de COGAMI Empresarial desempeñan un posto laboral de persoal operario⁴, representando o 83,85 % do total do cadro persoal e amosando o músculo e a forza de traballo que caracteriza ao Grupo Empresarial, con persoal que presta servizos de xestión e mantemento (Coregal ou Dixardín), fabrican e distribúen produtos (Cualicar, Grafinco, Hornos de Lamastelle, Integratex ou Trameve) e atende ás necesidades de clientela moi diversa en relación á prestación de servizos de diversa natureza (Accede Social ou Combina Social, e a propia matriz empresarial Galega de Economía Social).

Destaca tamén o perfil directivo, de xerencias e técnico que orienta a actividade económica de cada Unidade de Negocio e dá soporte en operacións de estratexia e comercialización á parte máis operativa do conglomerado de persoas traballadoras.

Categorización por posto en COGAMI Empresarial	Nº de persoas
Persoal directivo	12
Xerencias ⁵	9
Mandos intermedios	46
Persoal técnico	56
Persoal operario	639
TOTAL	762

CONVENIOS E SALARIOS

Para atender á diversidade descrita en relación aos postos de traballo, en COGAMI Empresarial acollémonos a diversos convenios laborais colectivos⁶ a través dos cales garantimos os dereitos das persoas traballadoras ao tempo que damos cobertura legal ás necesidades e circunstancias que caracterizan o traballo diario de cada unha das persoas.

Deste xeito, o Convenio de Centros Especiais de Emprego é o que rexe a actividade de Combina Social, Dixardín, Grafinco, Cualicar e Trameve, mentres que Hornos de Lamastelle conta cun convenio propio, e Accede Social, Coregal, Integratex, ou a propia Galega de Economía Social, acóllense aos convenios colectivos que lles corresponde segundo o sector económico no que desenvolven a súa actividade empresarial.

No caso de Combina Social, e dado que é unha empresa de servizos *outsourcing*, ademais do convenio de Centros Especiais de Emprego, tamén se acolle a convenios colectivos concretos segundo tipo de actividade.

No que a salarios se refire, e froito desta diversidade de convenios colectivos de traballo, tamén destaca a importancia que ten para COGAMI Empresarial que a nosa política retributiva pivote no só no cumprimento dos convenios correspondentes, senón que atenda tamén á valoración do desempeño de cada posto de traballo en cada unha das empresas, á experiencia profesional e laboral que atesoura cada persoa no seu percorrido e á antigüidade dentro do Grupo Empresarial en xeral, e en cada empresa en particular.



⁴— Dada a diversidade de sectores e actividades empresariais nas que operan as Unidades de Negocio esta categoría engloba postos con denominacións moi variadas: persoal operario de planta (Coregal, Grafinco e Hornos de Lamastelle), persoal de xardinería (Dixardín), persoal condutor (Accede Social) e persoal auxiliar administrativo de calquera das empresas.

⁵— O posto de xerencia é o de máxima responsabilidade en cada Unidade de Negocio. No caso de Cualicar (marca comercial) está ocupado pola mesma persoa que en Trameve.

⁶— No Anexo 9.3. detállanse os convenios colectivos que afectan a cada unha das empresas de COGAMI Empresarial.

COGAMI Empresarial (Media por categoría) ⁷			
Categoría Profesional	Mulleres	Homes	Total
Persoal directivo	37.826,74 €	40.731,89 €	39.486,83 €
Xerencias	29.173,45 €	47.536,27 €	41.415,33 €
Mandos intermedios	24.857,15 €	25.986,09 €	25.609,78 €
Persoal técnico	17.124,09 €	17.490,36 €	17.275,75 €
Persoal operativo	9.956,46 €	12.664,97 €	11.805,63 €


CONCILIACIÓN

A conciliación laboral, familiar e persoal das persoas traballadoras, baseada en medidas de traballo a distancia (medida consolidada no ano 2023), flexibilidade horaria (medida aprobada como proba piloto no ano 2024) ou permisos e licenzas, é un compromiso férreo para COGAMI Empresarial na procura do benestar das persoas traballadoras.

Desde esta perspectiva, en COGAMI Empresarial damos cumprimento ao establecido nos convenios laborais de aplicación ao tempo que mellora as condicións de conciliación que teñen

as persoas, máis aínda coa implementación da Atención Integral Centrada na Persoa (AICP), metodoloxía que procura un maior benestar atendendo ás necesidades e circunstancias que mudan e van condicionando as posibilidades de conciliación que cada persoa ten no seu eido de traballo e na súa contorna vital.

Persoas con xornada reducida durante 2024		
Mulleres	Homes	Total
114	73	187





⁷—A política salarial de COGAMI Empresarial atende ao convenio colectivo correspondente, á valoración do desempeño laboral, á experiencia e á antigüidade no posto de traballo da persoa como variables explicativas das diferenzas que se poidan observar nos datos dos salarios por categoría profesional.


6.3 IMPACTO NOS COLECTIVOS MÁIS VULNERABLES

Atender á relación entre a vulnerabilidade e a discapacidade é unha prioridade para COGAMI Empresarial que, no noso Propósito de promover a inserción laboral de persoas con discapacidade, facemos fincapé na selección e atención a persoas que poidan estar en situacións de maior vulnerabilidade por cuestións de sexo, idade, zona de residencia ou tipoloxía da discapacidade.


É por iso que algunhas das cifras que se amosan a continuación poñen de relevo a importancia de crear un alto impacto positivo en persoas con características sociodemográficas máis susceptibles de verse afectadas por situacións de vulnerabilidade.




PERSOAS CON DISCAPACIDADE
MAIORES DE 50 ANOS



MULLERES CON
DISCAPACIDADE



PERSOAS CON DISCAPACIDADE
MENORES DE 30 ANOS



PERSOAS CON DISCAPACIDADE
POR ENFERMIDADE MENTAL

6.4 FORMACIÓN

Desde COGAMI Empresarial hacemos unha aposta firme, planificada e adaptada pola formación das persoas que integran o cadro de persoal, desde unha visión inclusiva na que a captación e retención de talento é un compromiso na xestión de recursos humanos.

Potenciar as habilidades, mellorar as competencias e incrementar os coñecementos son partes esenciais do proceso de mellora continua que rexe a actividade profesional e o desempeño laboral das diferentes posicións que existen nas empresas que conforman o Grupo Empresarial. Ademais, a formación en COGAMI Empresarial tamén se entende como unha oportunidade na que adquirir hábitos máis saudables en canto a benestar laboral, contribuíndo a mellorar a calidade de vida das persoas na súa contorna laboral e previr posibles riscos laborais ou psicosociais.



O ano 2024 deixa uns datos moi favorables con respecto á formación, tanto da que se pode estimar como transversal, xa que permite a adquisición de competencias amplas e que afectan ao desempeño dentro da propia Organización, como da que se oferta segundo o posto de traballo.

Neste senso cómpre destacar que a acción formativa do ano 2024 foi diversificada para dar respostas ás necesidades das persoas traballadoras en diferentes postos que abranguen desde eidos máis operativos, como a obtención de licenzas para a condución de mercadorías ou persoas viaxeiras, cursos de seguridade de traballos en altura, manexo de maquinaria, a ámbitos máis transversais e estratéxicos, como a implantación do modelo



Persoas traballadoras COGAMI Empresarial	Media de horas de formación recibida ⁸	Total de horas de formación recibidas
Persoal directivo e xerencias	32,19	676
Mandos intermedios	9,60	442
Persoal técnico	19,73	1.105
Persoal operario	3,70	2.366

AICP, a mellora de xestión de equipos ou a prevención do acoso sexual e por razón de sexo.

No que a educación medioambiental se refire, e dado que esta cuestión é estratéxica e transversal para toda a Organización, desde COGAMI Empresarial impartimos formación en medición da pegada de carbono, fin de condición de residuos ou reciclado de plásticos.



⁸—O cálculo para a media de horas realízase segundo as fórmulas indicadas no GRI 404-1: n° total de horas proporcionadas (sexo ou categoría laboral) / n° total de persoas empregadas (sexo ou categoría laboral).



6.5 IGUALDADE DE XÉNERO

A igualdade de xénero é un dos compromisos clave para COGAMI Empresarial, ademais dun dereito na consecución da eliminación de calquera tipo de discriminación por razón de sexo en calquera ámbito da sociedade e, *por ende*, na propia Organización. Deste xeito, a igualdade tradúcese na garantía de manter a equidade entre mulleres e homes tanto no acceso laboral como na retribución polo desempeño profesional.

Este compromiso coa igualdade tradúcese en políticas e medidas que promoven e velan porque as mulleres e homes que integran os cadros de persoal das empresas do Grupo Empresarial gocen das mesmas condicións sen desigualdades por cuestións de sexo. De cara a dar cumprimento a estas políticas, as empresas elaboraron os seus propios Plans de Igualdade, continuando vixentes no ano 2024 os das empresas Accede Social, Combina Social, Coregal, Dixardín e Hornos de Lamastelle.

Estes Plans de Igualdade comparten áreas de actuación comúns nas empresas de aplicación, destacando o esforzo que facemos desde o Grupo Empresarial pola formación e sensibilización en materia de igualdade e prevención do acoso, así como na política de igualdade retributiva e de condicións laborais.

Máis concretamente, na contratación de perfís femininos naqueles postos que tradicionalmente estiveron ocupados por homes, como é o caso de postos de persoas operarias que traballan en xardinería ou conducen vehículos.

Outro dos avances que se rexistraron en 2024, e nos que COGAMI estivo presente, foi a participación no deseño e redacción dun Protocolo LGTBI a incluír e implementar nos Centros Especiais de Emprego que garanta a igualdade e combata a discriminación das persoas LGTBI nos ámbitos laborais.



5 Plans de Igualdade en vigor en COGAMI Empresarial nas empresas: Accede Social, Combina Social, Coregal, Dixardín e Hornos de Lamastelle.



As 9 áreas de actuación para traballar de xeito integral a igualdade e a perspectiva de xénero en toda a Organización.

6.6 SEGURIDADE E SAÚDE

Falar de seguridade e saúde laboral para COGAMI Empresarial é falar dun dos principais obxectivos que perseguimos á hora de crear novas oportunidades laborais, así como de consolidar as xa creadas, entendendo que a protección das persoas traballadoras de cada unha das empresas que integran o Grupo resulta vital para o desenvolvemento da actividade empresarial.

Desde esa perspectiva, desde COGAMI Empresarial poñemos especial atención na avaliación de riscos de cada posto de traballo, ao tempo que tamén atendemos ás condicións de adaptación que requira cada un deles, xunto coa promoción de medidas que favorezan os factores psicosociais que contribúen ao benestar das persoas traballadoras.

De aí que en COGAMI Empresarial contemos cun Equipo de Prevención de Riscos Laborais responsable de implementar o sistema de Xestión da Seguridade e Saúde baseado na norma ISO 45001, desde a óptica da formación específica e a formación laboral das persoas traballadoras, así como da revisión periódica das instalacións nas que se desenvolven os procesos de traballo.

Entre as principais causas dos accidentes laborais que se produciron no ano 2024, tanto se supuxeron ou non baixa laboral, contabilízanse causas relacionadas con golpes con obxectos inmóbiles ou móbiles (55,38 %), sobre esforzos (19,23 %), cortes leves con ferramenta (15,38 %), mordeduras/ picaduras

(3,84 %) e atrapamentos (3,84 %). O 7,69 % dos accidentes rexistráronse *in itinere*.

Do total de 77 accidentes laborais con baixa rexistrados en 2024 tan só 1 deles tivo carácter grave; o accidente aconteceu nunha das ecoplantas de Coregal.

	Índice incidencia ATCB ⁹ % Mulleres	Índice incidencia ATCB % Homes	Índice incidencia ATCB % Total
Galega de Economía Social	0 %	0 %	0 %
Accede Social	7,69 %	0 %	3,49 %
Artegalia	0 %	0 %	0 %
Combina Social	3,48 %	6,25 %	4,62 %
Coregal	32,26 %	13,20 %	15,79 %
Dixardín	27,27 %	24,14 %	24,64 %
Grafinco	0 %	10 %	7,14 %
Hornos de Lamastelle	8,82 %	9,33 %	9,02 %
Integratex	0 %	0 %	0 %
Trameve	0 %	9,09 %	8,33 %

EMPRESAS	Índice de gravidade ¹⁰	Índice de frecuencia ¹¹
Galega de Economía Social	0 %	0 %
Accede Social	0,49 %	19,21 %
Artegalia	0 %	0 %
Combina Social	1,89 %	26,83 %
Coregal	3,32 %	88,90 %
Dixardín	7,91 %	143,24 %
Grafinco	1,74 %	41,53 %
Hornos de Lamastelle	2,62 %	52,19 %
Integratex	0 %	0 %
Trameve	48,48 %	2,81 %

⁹ O Índice de incidencia ATCB % resulta de calcular a porcentaxe de accidentes de traballo con baixa laboral respecto ao número total de persoas traballadoras.


¹⁰ O Índice de gravidade é o resultado de calcular o número de xornadas non traballadas por mor de accidentes laborais acontecidos en xornadas de traballo segundo cada mil horas traballadas. Estes datos obtéñense en base ao número de persoas traballadoras por empresa.

¹¹ O Índice de frecuencia resulta de calcular o número de accidentes laborais en xornadas de traballo con baixa rexistrados por cada mil horas traballadas. Estes datos calcúlanse en base ao número de persoas traballadoras por empresa.



7

GOVERNANZA



7 O NOSO MODELO DE GOBERNANZA

COGAMI é unha **Organización sen ánimo de lucro, independente, libre, aconfesional, apartidista, non gubernamental e de carácter voluntario**, tal e como se recolle nos seus Estatutos, e como se ratificou na Asemblea Extraordinaria celebrada no ano 2022.

En 2004 COGAMI foi declarada de utilidade pública e no ano 2025 cumpre 35 anos de actividade, polo que a avala unha longa traxectoria na procura da inclusión das persoas con discapacidade e na creación de espazos, redes e oportunidades para que esa inclusión sexa real e efectiva.

Entre a normativa que regula o funcionamento de COGAMI cómpre subliñar:


- Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación.
- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.
- Toda aquela lexislación que afecta á xestión e desenvolvemento das actividades da Organización.

COGAMI conta cunha estrutura organizativa que ten na **Xunta Directiva o seu principal órgano de goberno**, á que se suma a Comisión Permanente, a Coordinación de Áreas, a Coordinación de áreas de actividades e a Coordinación de oficinas.

Como xa se vén apuntando ao longo desta Memoria, **COGAMI Empresarial somos un Grupo de empresas integradas na Organización de COGAMI**, que se ben atende a súa estrutura no que ao modelo de gobernanza se refire, conta ademais cun director xeral para o Grupo Empresarial, recaendo nas xerencias a estratexia empresarial e de xestión de cada unha das Unidades de Negocio.

En COGAMI Empresarial apostamos pola periodicidade nos procesos participativos, pola escoita activa e pola implicación na toma de decisións desde a interrelación entre áreas de traballo, cunha visión multidisciplinar e enriquecida do traballo, e que favoreza unha gobernanza baseada na cohesión.

Así mesmo, estimamos que o coñecemento compartido e a análise da información e os datos permiten que a gobernanza centralizada poida establecer obxectivos comúns aos que aspirar desde as diferentes posicións que as persoas ocupamos dentro do Grupo Empresarial.



7.1 ÓRGANOS DE GOBERNO

A estrutura de gobernanza é o marco de Organización e xestión polo que nos rexemos en COGAMI Empresarial e que atende ás normas, procedementos, funcións e responsabilidades na toma de decisións que afectan ao funcionamento do Grupo e ás sinerxías que as empresas establecen coa Organización, e entre si.

O **Consello de Administración** é o órgano de representación e administración de COGAMI Empresarial e intégrano persoas que, atendendo ao recollido nos Estatutos do Grupo Empresarial, non poden percibir remuneración algunha pola súa pertenza a este órgano.

As **Direccións corporativas** son as responsables da xestión de COGAMI Empresarial, existindo un total de 7 direccións no ano 2024 que dan cobertura e servizo ás necesidades do Grupo en diferentes eidos estratéxicos e operativos para o desenvolvemento da súa actividade económica e empresarial.

As **xerencias** son quen lideran a actividade empresarial de cada unha das Unidades de Negocio, entendendo por Unidades cada unha das empresas que integran o Grupo, a excepción da empresa matriz, e que traballan a prol da consecución dos obxectivos de cada empresa, asumindo a planificación, xestión e control. En 2024 compútanse 9 Unidades de Negocio e 8 xerencias.

CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DO GRUPO COGAMI EMPRESARIAL

Presidente:
Anxo Queiruga Vila


Vicepresidente e secretario:
Álvaro García Bustelo

Vogal:
Ramón Sestayo Lestón

Vogal:
José Luis Costoya Quintela¹²

Vogal:
José Luis Lolo Celeiro

Vogal:
Paulo Fontán Torreiro



¹² José Luis Costoya ocupou o cargo de vogal no Consello de Administración de COGAMI ata o 5 de xullo do 2024, data do seu falecemento, logo de ter dedicado a súa vida a promover a inclusión laboral das persoas con discapacidade en Galicia, deixando un legado imborrable no ámbito da Economía Social. Ao longo do ano 2024 non se abordou a substitución en favor doutra persoa.

7.2 ORGANIGRAMA

Presidencia

Presidente

ANXO QUEIRUGA

Consello de Administración

Vogal

PAULO FONTÁN

Vogal

JOSÉ LUIS COSTOYA

Vicepresidente
e secretario

ÁLVARO GARCÍA

Vogal

JOSÉ LUIS LOLO

Vogal

RAMÓN SESTAYO

Persoal directivo

Director xeral

VÍCTOR SILVA

Director xurídico

JUAN ACEVEDO

Director
económico-financieiro

JUAN SUÁREZ

Directora de negocio

ROSA GUTIÉRREZ

Directora
de comunicación e
relacións institucionais

MARÍA ACUÑA

Directora de RR.HH.

ANA TRABA

Director de sistemas
e novas tecnoloxías

DAVID PESQUEIRA

Directora de
asesoría laboral

NAIARA GOICOECHEA

Xerencias

Accede Social

SILVIA
ALENDE

Alentae

HERMINIO
MARTÍNEZ

Combina Social

RAQUEL
ALVITE

Coregal

ANTONIO
PENA

Dixardín

CARLOS
IGLESIAS

Grafinco

ALEJANDRO
ROUCO

Hornos
de Lamastelle

MANUEL
SANTOS

Integratex

YAIZA
SOMORROSTRO

Trameve
e Cualicar

LUIS
PENIDO

7.3 ÉTICA E BO GOBERNO

O cumprimento do marco legal, a xestión de riscos e o compromiso co Propósito, Misión, Visión e Valores da Organización son os piares sobre os que se sustenta a ética e o bo goberno co que desde COGAMI Empresarial desenvolvemos a nosa actividade empresarial, desde os planos económico, comercial e laboral, así como a base sobre a que se asentan tanto as nosas relacións internas como externas.

No ano 2018 desde COGAMI Empresarial aproboamos un **Programa de Cumprimento Normativo** (*Corporate Compliance*) que orienta e garante o cumprimento das esixencias en materia de responsabilidade penal das persoas xurídicas.


A este Programa cómpre sumar o deseño da Organización dun **Código Ético e de Conduta** no que se recollen as **Boas Prácticas Corporativas** que debe rexer e orientar as actuacións desde a dilixencia debida. Isto tradúcese en que cada persoa que integra a Organización ten a responsabilidade de actuar e velar polo cumprimento da lexislación vixente, denunciando de ser preciso o incumprimento deste Código Ético no que se recollen os principios fundamentais de obrigado

cumprimento no desenvolvemento da actividade da Organización. Entre as ferramentas coas que conta COGAMI Empresarial, e todas as persoas que integran o Grupo Empresarial, para dar cumprimento as obrigas éticas e de conduta destacan as seguintes:

- **Conxunto de normas, protocolos e procedementos de actuación** específicos e adaptados á realidade de cada ámbito no que as persoas desenvolven a súa actividade.
- **Comité de Cumprimento Normativo e Canles responsables de denuncias** (existindo desde o 2024 unha Canle diferenciada para COGAMI Empresarial, con posibilidade de acceder a ela desde calquera das *web* das empresas que integran o Grupo Empresarial).
- **Sistema de Xestión Informatizada do Cumprimento** (SXIC) que facilita o seguimento dos procesos de decisión e a captura de evidencias de execución, no caso de que sexa preciso determinar de xeito individualizado as responsabilidades ante unha actuación.
- **Manual de Prevención e Resposta ante o delito**, en base ao cal se está en proceso

de abordar unha Análise de Riscos Penais relativos ás distintas áreas de actividade de COGAMI, valorando a súa potencial gravidade e as súas consecuencias xurídicas (mapa de riscos), e conxunto de medidas e protocolos de prevención e resposta ante delitos e infraccións administrativas de gravidade.

- **Formación continua** ás persoas que integran a directiva, ás que teñen mandos intermedios, ás persoas traballadoras en xeral e tamén ás colaboradoras.



Número de incidencias¹³ rexistradas durante o ano 2024 **6**


¹³-Só unha das denuncias foi valorada como acoso, considerando que as demais eran situacións de conflito entre persoas traballadoras. En todos e cada un dos casos tomáronse medidas para a mellora do clima laboral do centro de traballo no que foron detectadas, destacando a formación como medida transversal.

O Programa de Cumprimento Normativo¹⁴


é unha ferramenta que afecta a toda a Organización, baixo o apoio da Xunta Directiva, publicitado e de acceso público a través da páxina web de COGAMI, que recolle o compromiso e os procedementos de dilixencia debida respecto a cuestións de interese como son: respecto aos dereitos humanos e fundamentais das persoas traballadoras da Organización, con especial fincapé no que se refire á inclusión laboral de persoas con discapacidade; atención e oposición a calquera discriminación que se poida detectar por razón de discapacidade, sexo, idade, raza, etnia, nacionalidade, orientación sexual, relixión, lingua ou posición ideolóxica; compromiso de cumprir as normas e protocolos de seguridade e saúde no ámbito de traballo; rexeitamento firme do branqueo de capitais e a utilización de paraísos fiscais; integridade que debe manterse nas relacións económicas e comerciais, así como na relación con outros organismos e entidades de carácter público.

O Protocolo de Prevención e Actuación do Aoso no Traballo é unha ferramenta que reconece o dereito á igualdade, á dignidade das persoas, ao libre desenvolvemento da personalidade así como á non discriminación no ámbito laboral. Deste xeito, vélese por previr condutas que poidan ser consideradas

como acoso laboral, sexual ou por razón de sexo no traballo. De producirse denuncias por situacións como as que se veñen de describir, a Organización ten que establecer os procedementos de actuación que permiten aclarar a presenza dun presunto acoso, dando cumprimento ao deber de detectar e avaliar os posibles riscos no ámbito laboral, e adoptar as medidas preventivas ou reparadoras oportunas.



¹⁴–O Programa de Cumprimento Normativo de COGAMI pode ser consultado na páxina web www.cogami.gal no apartado de Modelo de Xestión “Programa de Cumprimento Normativo. CANAL RESPONSABLE”.





8

O VALOR QUE XERAMOS

8 O VALOR QUE XERAMOS

COGAMI Empresarial, integrado na Organización COGAMI, somos un Grupo que **forma parte da Economía Social existente no territorio galego**. Os Centros Especiais de Iniciativa Social que conforman o Grupo Empresarial desenvolven a súa actividade económica integrando a xestión eficaz e eficiente dos recursos (humanos e materiais dos que dispoñen) en consonancia coa viabilidade económica que debe caracterizar a xestión das empresas na comercialización dos produtos e servizos que ofertan.

Este enfoque de procura da excelencia empresarial atende ao valor social que aportan as distintas iniciativas empresariais como creadoras de oportunidades laborais para persoas con discapacidade, ao mesmo tempo que a contribución que fan á construción dunha sociedade máis xusta, igualitaria e inclusiva.

Se ben a medición do **reporte de Valor Social** que aportan as nosas empresas tórnase dificultosa en termos cuantitativos, non así desde unha perspectiva cualitativa. Na que é posible observar e analizar o impacto positivo que teñen as accións que desenvolven as distintas empresas do Grupo. A actividade empresarial de COGAMI está directamente relacionada con

iniciativas e accións que permiten a inclusión de persoas con discapacidade, mediante a creación de oportunidades laborais e atención e cobertura en necesidades sociais ou económicas.

Esta Memoria de Sostibilidade 2024 permítenos recompilar e relatar o impacto social e a creación de valor que desde a actividade empresarial estamos xerando en COGAMI Empresarial, e que se traduce na participación, colaboración e deseño de propostas sociais, das que se dá conta neste documento, así como na implicación en accións

e iniciativas relacionadas con aspectos que melloran a calidade de vida das persoas con discapacidade, tanto no plano persoal, como familiar e laboral.

Especial mención merecen as actividades sociais que se recollen neste apartado, pero sobre todo as redes que desde COGAMI Empresarial tecemos con outras entidades da Economía Social, cos diferentes colectivos que integran os denominados Grupos de Interese e coas persoas que conforman o Equipo Humano do Grupo Empresarial.



8.1 GRUPOS DE INTERESE

COGAMI Empresarial, dentro do conglomerado da Economía Social galega, opera en diversos sectores de actividade económica mediante os nosos Centros Especiais de Emprego de Iniciativa Social (CEEIS) e contamos cun **diverso ecosistema de Grupos de Interese** cos que **interrelaciona na súa estratexia e operativa**.

A identificación dos principais axentes cos que nos relacionamos desde COGAMI Empresarial resulta clave para o desenvolvemento exitoso da actividade das diferentes iniciativas, así como para o fortalecemento do músculo empresarial do Grupo. A esa identificación inicial véñense sumando ao longo do tempo o establecemento de canles de comunicación bidireccionais cos diferentes axentes, a articulación de alianzas e a creación de sinerxias, así como o deseño e posta de marcha de accións concretas de colaboración que fomenten a corresponsabilidade e aporten valor social ás actividades desenvolvidas. Todo iso facilita a creación de impacto positivo na contorna e na construción dunha sociedade máis xusta, igualitaria e inclusiva, obxectivos que persegue a Organización.


Neste senso a **escoita activa**, a **actitude propositiva** e o **enfoque colaborativo** son algúns dos ingredientes da fórmula que en COGAMI Empresarial vimos elaborando nos últimos anos e que tan bos resultados están xerando, consolidando a nosa relación cos Grupos de Interese e creando novos espazos, proxectos e interrelacións.

Ademais, desde COGAMI Empresarial promovemos procesos participativos como fonte de información na toma de decisións, entendendo que as ferramentas de análise cuantitativa e cualitativa (enquisas, mesas de traballo, grupos de discusión, etc.) permiten fomentar a participación de quen integra os Grupos de Interese aportando información moi valiosa de cara a coñecer as necesidades, identificar as oportunidades e deseñar as actuacións e actividades de máis interese e maior impacto social.

COGAMI Empresarial tamén está presente en foros de traballo e de debate organizados por Administracións públicas ou entidades coas que mantemos contacto diario e traballo a prol de obxectivos comúns.

A isto súmanse as canles internas de escoita activa como o diálogo fluído que se rexistran na Organización, as canles específicas para queixas, reclamacións ou denuncias, ou os

espazos e boletíns a través dos cales damos conta da actividade de COGAMI Empresarial, e promovemos a participación en accións concretas.




Perfil	Definición	Canle de comunicación
Persoas traballadoras	Todas as persoas que forman parte de COGAMI Empresarial, xa sexa dentro da estrutura das nosas empresas ou realizando actividades para terceiros.	Boletín de novas Portal da/o empregada/o Canle de denuncia Espazos de consultas e demandas (enquisas, entrevistas, grupos de discusión, etc.)
COGAMI Social	COGAMI Empresarial está ligada de forma directa co movemento asociativo da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade, entidade social que ten como obxectivos: a plena inclusión das persoas con discapacidade e a defensa e promoción dos seus dereitos, sendo a creación de emprego a panca esencial para o cambio social.	Consello de Administración Reunións periódicas Servizo de Emprego (SIL- Servizo de Intermediación Laboral)
Administracións públicas	Entidades públicas de diferentes niveis coas que temos relación á hora de incidir sobre a mellora da realidade e a calidade de vida das persoas con discapacidade.	Reunións periódicas Consultas técnicas
Familias	A realidade dalgunhas persoas que traballan na Organización fai que o contacto coas súas familias sexa algo imprescindible, máis alá da relación laboral, para que a melloría da súa calidade de vida sexa real.	Reunións periódicas
Clientela	Calquera persoa ou entidade, pública ou privada, que adquira un produto ou servizo xerado por algunha das nosas empresas.	Reunións periódicas Entrevistas de valoración Canle de denuncia Memoria anual Redes Sociais
Alianzas e colaboracións	Entidades ou organizacións coas que xorden alianzas coa finalidade de crear valor compartido para as diferentes partes.	Reunións periódicas Memoria anual
Ecosistema da Economía Social	Agrupacións e asociacións ligadas á Economía Social coas que compartimos obxectivos e un fin común como a Asociación Empresarial de Centros Especiais sen Ánimo de Lucro (CEGASAL) e o Foro pola Economía Social Galega (FOROESGAL).	Reunións periódicas Memoria anual Participación en foros e eventos
Centros de coñecemento	Principalmente universidades e centros tecnolóxicos ou de investigación cos que se realizan accións de transferencia de coñecemento.	Memoria anual Participación en foros e eventos Convenios de prácticas
Empresas provedoras	Empresas ás que os diferentes CEEIS (Centros Especiais de Emprego de Iniciativa Social) compran ou contratan produtos e servizos.	Reunión periódicas Canle de denuncia Memoria anual

8.2 REDE DE CREACIÓN DE VALOR


Ao longo desta Memoria xa se ten dado conta da **importancia que ten para COGAMI Empresarial o aporte de valor social, aliñado co Propósito, Misión e Valores da Organización**, así como das distintas estratexias empresarias que as Unidades de Negocio que integran o Grupo levan a cabo de xeito activo para a xeración dese valor social.

Promover a inclusión laboral de persoas con discapacidade a través da creación e mantemento de postos de traballo en todas e cada unha das empresas de COGAMI Empresarial xera un impacto positivo na sociedade, creando oportunidades e amosando a competitividade dos servizos e produtos que ofertan desde os distintos sectores desde os que operan.



Persoas en prácticas

29



Horas totais de prácticas

7.872 h



Convenios de colaboración

16

E tan relevante resulta a capacidade das empresas da Economía Social para crear Valor Social como o son as sinerxias, alianzas e colaboracións que promovemos con outros axentes do ecosistema no que desenvolven a súa actividade. No caso de COGAMI Empresarial, ao longo do ano 2024, destacan os seguintes acordos de colaboración establecidos con outras entidades, ben sexan centros de formación, asociacións, etc.:

- **Galicia Business School**
- **Lidera K**
- **Concello de Salceda de Caselas (Programa Integrado de Emprego)**
- **Concello de Santa Comba (Terra de Xallas)**
- **C. P. R. Agarimo**
- **E. F. A. Fonteboa**
- **Fundación Empresa-Universidad Gallega (FEUGA)**
- **I. E. S. Arzúa**
- **MOBA SKILL Training, S. L.**
- **South Devon Steiner School**
- **FORGA**
- **E. S. San Clemente**
- **Universidade de Santiago de Compostela (USC)**
- **APETAMCOR**
- **Bartumeu López S. L. U.**
- **Recursos Galicia S. L.**

8.3 RESUMO DA ACTIVIDADE SOCIAL



FEBREIRO

Dixardín entregou os 27 hortos urbanos da Deputación de Lugo no Paseo do Rato (Lugo), iniciando un novo ciclo de actividades dinamizadoras, formativas e inclusivas como parte do programa de mantemento e conservación.



ABRIL

Hornos de Lamastelle participou na GastroFeira Solidaria organizada polo Centro Comercial As Cancelas (Santiago de Compostela) na que a degustación de empanadas estivo acompañada por música en directo.

70



2024



XUÑO

Coregal colaborou co Concello de A Coruña na estrea de colectores coa bandeira LGTBI para visibilizar ao colectivo na celebración do Día do Orgullo.

Dixardín cooperou co Concello de Carballo na entrega de árbores froiteiras en todos os centros escolares que solicitan plantalos nas súas instalacións polo Día Mundial da Árbore.

COGAMI Empresarial participou na xornada organizada por FOROESGAL para conmemorar o Día da Economía Social Galega.





SETEMBRO

Trameve e **Cualicar** sumáronse ao encontro-*networking* para o fomento da economía circular a través dos Centros Especiais de Emprego de Iniciativa Social organizado por CEGASAL.

Combina Social acudiu ao faladoiro ideado no marco do Proxecto CreaFogar, para dar conta das dificultades das persoas con discapacidade no seu acceso ao emprego.

NOVEMBRO

Coregal recibiu o recoñecemento nos “III Premios de Excelencia Empresarial” que outorga o Concello de Santiago de Compostela no marco da súa Axenda Urbana 2030.

COGAMI Empresarial desprazouse para estar presente na xornada “Sostenibilidad de las entidades de la discapacidad física y orgánica” que transcorreu no 10 aniversario de Andalucía Inclusiva.



2024

OUTUBRO

Accede Social formou parte activa da xornada “Mulleres líderes da Economía Social” que artellaron desde EspazoCoop | Unión de Cooperativas Galegas.

Combina Social lanzou a Campaña publicitaria “Combinamos” nas RR.SS. para captar talento, centrando o protagonismo na inclusión laboral das persoas con discapacidade.



71

8.4 O NOSO COMPROMISO AMBIENTAL

En COGAMI Empresarial entendemos á sostiabilidade ambiental como un pilar esencial e complementario para o cumprimento da nosa Misión: favorecer a inclusión plena das persoas con discapacidade a través de proxectos empresariais, ao tempo que aseguramos a súa viabilidade económico-financeira a longo prazo. Esta visión integrada reforza o noso compromiso cun modelo de desenvolvemento que combina rendibilidade, impacto social positivo e un uso responsable dos recursos naturais.

Ao longo do 2024 demos un paso importante nesta liña coa aprobación da **Política de Sostiabilidade Ambiental**, un compromiso estratéxico recollido no *Plan Estratéxico 2023-2026 de COGAMI*. Esta política define os principios reitores, identifica ámbitos prioritarios de actuación e propón ferramentas de seguimento e mellora continua para integrar a perspectiva ambiental en todos os niveis da actividade organizativa.

Neste contexto, púxose en marcha o **Grupo de Traballo de Sostiabilidade Ambiental** de COGAMI, integrado por persoal técnico de COGAMI Empresarial e COGAMI Social. A

súa función principal é impulsar, dinamizar e consolidar iniciativas ambientais a través dunha coordinación participativa e interdepartamental, promovendo unha cultura da sostiabilidade en todas as áreas da entidade.

Para acompañar este proceso está aprobado o Proxecto “La AICP y Sostenibilidad Ambiental: palancas para el mantenimiento del empleo y fortalecimiento”, cofinanciado pola **Confederación Empresarial Española de la Economía Social** (CEPES) a través do **Fondo Social Europeo Plus**. Ao abeiro deste proxecto definíronse catro liñas principais de traballo:


- Desenvolvemento e implementación de Plans de acción ambiental adaptados a cada unidade de negocio.
- Coordinación da estratexia ambiental a través do Grupo de Traballo de Sostiabilidade Ambiental.
- Formación especializada do persoal en materia de sostiabilidade ambiental.
- Reforzo da identidade e reputación de marca de COGAMI Empresarial, visibilizando os seus servizos e produtos con impacto social e ambiental positivo.

A Política de Sostiabilidade Ambiental de COGAMI identifica como prioritarias aquelas áreas que permiten reducir a nosa pegada ambiental.


A continuación detállanse algúns dos principais avances do ano 2024.

Áreas de actuación da Política de Sostiabilidade de COGAMI Empresarial

Transversais



Gobernanza



Comunicación, sensibilización e formación

Específicas



Energía e emisións



Uso eficiente das materias primas, xestión de residuos e economía circular



Operacións responsables

RESIDUOS


Coregal

Coregal traballa cada día para garantir unha xestión de residuos que sexa ambientalmente responsable, transparente e trazable, coa firme vontade de promover a valorización e recuperación de materiais e contribuír de forma activa a unha economía circular sostible, xeradora de impacto social positivo.



Coregal xestiona

34.670,48 t
de residuos ao ano





Volume de residuos xestionados valorizados

85,76 %



TONELADAS XESTIONADAS POR COREGAL SEGUNDO O TIPO DE RESIDUOS


Principal tipo de residuo xestionado por Coregal



VOLUME ANUAL XESTIONADO POR CADA ECOPLANTA DE TRATAMENTO DE COREGAL

Trameve

Trameve, como Centro Autorizado de Tratamento (CAT), aplica altos estándares para garantir unha xestión ambiental responsable dos vehículos ao final da súa vida útil, asegurando a súa descontaminación, a reciclaxe de materiais, a trazabilidade e a garantía de todas as pezas que posteriormente pon á venda.




Nº de vehículos
xestionados

401 vehículos



Residuos non perigosos
xestionados **404 t**



Nº de pezas vendidas

9.898 unidades



Residuos perigosos
xestionados **7,7 t**


Hornos de Lamastelle

En 2024, Hornos de Lamastelle impulsou, en colaboración co Grupo de Biotecnoloxía Ambiental da Universidade da Coruña (UDC), un estudo de viabilidade para a creación dunha planta de compostaxe que permita tratar os residuos orgánicos xerados na súa actividade produtiva, principalmente masas e empanadas non comercializables.

Este é o principal residuo que xera a empresa, aproximándose ás 200 toneladas anuais, que actualmente supoñen un custo de xestión, polo que é preciso camiñar cara a unha solución sostible para o residuo orgánico.

Os ensaios piloto realizados confirmaron a viabilidade técnica do proceso e permitiron comprobar que, mediante a mestura do residuo orgánico con folla seca ou estela de madeira, obtense un *compost* de moi boa calidade, con características axeitadas para o seu uso como emenda orgánica. Este estudo, que continua durante 2025, busca transformar estes residuos nun recurso útil, reducindo os custos asociados e contribuíndo aos principios da economía circular e da sostibilidade ambiental.

Tipoloxía de residuo xerado por Hornos de Lamastelle	Toneladas	% sobre o total
Orgánico e biodegradable	191,04	88,74 %
Envases	24,06	11,18 %
Outros	0,17	0,08 %



CAMPAÑAS E SENSIBILIZACIÓN


Ademais de avanzar na redución e na mellora da xestión dos residuos nas áreas produtivas e operativas das nosas empresas, en COGAMI Empresarial impulsamos tamén accións de sensibilización ambiental dirixidas ao conxunto do persoal.

Así naceu a Campaña “**Erre que Erre**”, coa que identificamos as accións internas orientadas a fomentar comportamentos sostibles relacionados coa redución de consumos, a xestión responsable e a correcta segregación dos residuos, entre outras temáticas de sostibilidade ambiental.

Na primeira acción da Campaña “Erre que Erre” o foco estivo posto na **implantación de sistemas de separación selectiva de residuos** en todos os centros de traballo e oficinas de COGAMI Empresarial, dotándoas de illas de reciclaxe adaptadas e acompañadas de materiais informativos sobre a separación correcta en cada colector. Para promover a participación activa das persoas traballadoras, animouse a cada centro de traballo a personalizar os seus colectores, achegando propostas creativas que foron compartidas a través da nosa canle interna de comunicación, **ECOGAMI**.

Así mesmo, apostamos por dar maior visibilidade ás accións de sostibilidade que desenvolve a Organización, habilitando un **espazo específico no Boletín trimestral de COGAMI**, desde o que se difunden boas prácticas, avances e iniciativas exemplares en materia ambiental.





ENERXÍA E PEGADA DE CARBONO

Neste 2024, COGAMI Empresarial adheriuse á Alianza Galega polo Clima, iniciativa promovida pola Xunta de Galicia para mobilizar a axentes sociais e empresariais contra o cambio climático. Esta adhesión reafirma o noso compromiso coa sostibilidade, a eficiencia enerxética, a redución de emisións e a promoción da economía circular e permitíranos xerar novas alianzas e colaboracións neste obxectivo común.

Así mesmo, durante o ano 2024 avanzouse no cálculo da pegada de carbono de todas as empresas de COGAMI Empresarial, un proceso iniciado en 2022 que foi incorporando diversas iniciativas ao longo do tempo. Esta medición permítenos coñecer con maior precisión o impacto ambiental da nosa actividade e definir accións de mellora, centradas principalmente en tres pancas de actuación prioritarias:



Realizar **campañas de sensibilización** e eficiencia enerxética para todo o persoal.



Revisar as instalacións e colocar **sistemas eléctricos máis eficientes** e apostar pola colocación de **paneis solares** ou **compra de enerxía verde**.



Adquirir **vehículos e maquinaria máis eficientes** e, se a operatividade do servizo o permite, tecnoloxía eléctrica ou de gas.

CONSUMO E EFICIENCIA ENERXÉTICA

No ano 2024, Hornos de Lamastelle, Integratex e as oficinas centrais de Galega de Economía Social uníronse ás empresas que calculan a súa pegada de carbono, o que nos permite, por primeira vez, ter unha perspectiva global do Grupo Empresarial. Os datos resultantes poñen de manifesto que as empresas con maiores emisións totais -nomeadamente Coregal e Hornos de Lamastelle- están

condicionadas polas súas actividades produtivas, que implican un uso intensivo de electricidade e consumo de combustibles fósiles para transporte e operacións industriais. Estes factores definen precisamente as principais pancas de actuación mencionadas anteriormente.

Por outra parte, empresas como Accede Social, Combina Social ou Trameve experimentaron un descenso da súa pegada de carbono respecto ao exercicio anterior. Estes resultados atribúense á



renovación de vehículos na frota (Accede Social), á implementación de melloras na eficiencia enerxética das oficinas (Combina Social) e ao aumento da entrada de luz natural no taller mediante a instalación de lucernarios (Trameve). Pola contra, empresas como Coregal, Dixardín e Grafinco viron incrementadas as súas emisións como consecuencia do aumento da súa actividade e da incorporación de nova maquinaria.

A continuación preséntase a distribución das emisións por empresa¹⁵:

	Galega de Economía Social	Accede Social	Combina Social	Coregal	Dixardín	Integratex	Grafinco	Hornos de Lamastelle	Trameve ¹⁶	TOTAL
Alcance 1 (kg CO ₂ e)	12,13	240,39	6,19	1.415,90	168,07	3,54	8,99	58,05	8,87	1.910,00
Alcance 2 (kg CO ₂ e)	5,83	1,77	2,09	218,49	1,36	23,18	7,76	443,92	7,71	706,29
Total emisións	17,96	242,16	8,28	1.634,39	169,43	26,73	16,75	501,97	16,58	2.616,29
Variación respecto ao ano pasado	-	-25,81 %	-5,52 %	4,80 %	12,48 %	-	17,84 %	-	-5,32 %	-
Ratio persoas (t CO ₂ e)	0,00	2,92	0,0545	6,98	2,46	1,11	1,28	4,92	1,27	3,43

¹⁵-Os datos que se recollen calculáronse en base á metodoloxía proposta polo *Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico*. Porén, a data de publicación desta Memoria, estes resultados aínda non están gravados e validados no Rexistro habilitado polo Ministerio para tal fin.

¹⁶-No cálculo da pegada de carbono de Trameve non se está a ter en conta a marca Cualicar.




CONSUMO ELÉCTRICO DAS EMPRESAS DE COGAMI EMPRESARIAL

□ Consumo anual (Kwh)

No ámbito enerxético, **Hornos de Lamastelle (59,43 %)** e **Coregal (31,75 %)** continúan a ser as dúas empresas con maior demanda do Grupo Empresarial debido á tipoloxía das súas instalacións e maquinaria industrial, representando xuntas o 92,1 % do consumo eléctrico en 2024.

Coregal conta, desde o ano 2023, con paneis solares instalados en dúas das súas ecoplantas, estando previsto que no ano 2025 a ecoplanta de Mos (Pontevedra) tamén poida contar con instalacións deste tipo de enerxía renovable nas súas instalacións.



% de aforro derivado do autoconsumo xerado polo paneis solares	Aforro enerxético medio anual	Aforro económico
Ecoplanta de Santiago de Compostela	25 %	32 %
Ecoplanta de Boiro	23 %	36 %

Ademais, Trameve levou a cabo no ano 2024 a ampliación da superficie de lucernarios no teito da súa planta, favorecendo un maior aproveitamento da luz natural e reducindo a demanda eléctrica durante as horas de actividade empresarial. Grazas a esta, e a outras medidas de eficiencia enerxética, o consumo eléctrico da planta reduciuse nun 25 % con respecto ao ano anterior.

No que respecta á frota de vehículos, Accede Social, Coregal e Dixardín son as empresas de COGAMI Empresarial que contan cun maior número de unidades. Durante o ano 2024, Accede Social e Coregal continuaron co proceso de renovación progresiva da súa frota, incorporando vehículos de combustible diésel da categoría máis eficiente dispoñible.



Esta decisión responde á limitada dispoñibilidade actual de opcións híbridas ou eléctricas para camións e vehículos de transporte de persoas en traxectos de media e longa distancia, ben sexa polas características da tecnoloxía dispoñible ou polos elevados custes de investimento que representan.

	Tipo de vehículo	2024	2023	Diferenza
Accede Social	EURO 4	11	12	↓ -1
	EURO 5	5	5	= 0
	EURO 6	22	19	↑ 3
	Total	38	36	↑ 2
Coregal	EURO 1	2	3	↓ -1
	EURO 2	8	8	= 0
	EURO 3	12	11	↑ 1
	EURO 4	15	15	= 0
	EURO 5	17	16	↑ 1
	EURO 6	30	23	↑ 7
	GNC	4	4	= 0
	Eléctrico	1	1	= 0
	Total	89	81	↑ 8
Dixardín	EURO 3	2	2	= 0
	EURO 4	15	14	↑ 1
	EURO 5	6	6	= 0
	EURO 6	9	9	= 0
	Total	32	31	↑ 1

8.5 ALIÑAMENTO COS ODS

Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da Organización de Nacións Unidas (ONU) están enmarcados dentro da aprobación da Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible, e son un chamamento universal á consecución dos mesmos para pór fin á pobreza, protexer o planeta e mellorar a vida e a perspectiva das persoas.

A esta Axenda 2030 están adheridos todos os países membros da ONU, entre os que se atopa en España; desde os Estados, Administracións públicas, Organizacións e Asociacións, así como desde o tecido social e empresarial, trabállase a prol de lograr o cumprimento dos 17 ODS desde o ano 2015, ano no que foi adoptada e entrou en vigor.

Desde esa perspectiva, o tecido socioempresarial —como é o caso de COGAMI— ten aos ODS como referencia para o deseño das súas políticas, accións e medidas, traballando en aliñamento con eles e co obxectivo último de contribuír ao seu cumprimento.

Se ben para outras entidades ou empresas esa sintonía pode resultar dificultosa, no caso de COGAMI cómpre salientar que o noso Propósito, así como a Misión e Visión e Valores que rexen a nosa actividade e a colaboración público-privada e privada-privada, caracterízanse por un elevado grao de cohesión con algúns ODS, tal e como se amosa a continuación.

Os ODS enmárcanse na Axenda 2030 aprobada pola Organización de Nacións Unidas (ONU) en 2015, substituindo aos Obxectivos do Milenio, co fin de establecer pautas que favorezan poñer fin á pobreza, protexer o planeta e garantir a paz e a prosperidade de todas as comunidades. Froito desta pretensión, definíronse os 17 ODS, concretando as metas específicas de cada un deles, así como atendendo aos retos presentes e futuros a nivel global.

ODS	Meta	Contribuímos
	META 5.5: asegurar a participación plena e efectiva das mulleres e a igualdade de oportunidades de liderado a todos os niveis decisorios na vida política, económica e pública.	- Existencia dun Protocolo de Prevención e Actuación do Acoso no Traballo en toda a Organización. 5 das nosas empresas contan cun Plan de Igualdade. - O 57 % das direccións corporativas están ocupadas por mulleres. 40 % das xerencias lideradas por mulleres. - Realízanse convenios cos CIMS para impulsar a incorporación de perfís femininos. - Promóvese a incorporación de mulleres a postos tradicionalmente masculinizados (condución ou xardinería).

ODS	Meta	Contribuímos
	META 7.2: aumentar a proporción de enerxía renovable no conxunto de fontes enerxéticas.	• Cóntase con placas fotovoltaicas en dúas das ecoplantas de Coregal: Santiago de Compostela e Boiro. O nivel de autoconsumo foi do 36 % e 34 % respectivamente sobre a enerxía total consumida. Ofrecendo un aforro no consumo dun 24 % anual. • A instalación de lucernarios en todo o teito de Trameve reduciu a súa factura enerxética un 25 %. • Dispónse dun vehículo eléctrico na frota de Coregal. • Todas as empresas de COGAMI Empresarial miden a súa pegada de carbono co obxectivo de medir os consumos, mellorar na eficiencia e traballar en reducir o noso impacto ambiental. • Tanto COREGAL como Accede Social realizan investimentos anuais co propósito de renovar a súa frota e que sexa máis eficiente e con menores emisións.
	META 8.2: acadar niveis máis elevados de produtividade económica a través da diversificación, a modernización tecnolóxica e a innovación, entre outras accións, focalizándose nos sectores con grande valor engadido e un uso intensivo da man de obra.	• Coregal continúa potenciando acordos comerciais con distintas empresas fabricantes e provedoras de solucións de sensotrónica e abordando proxectos piloto para mellorar a segregación do residuo en orixe. • Importantes investimentos en renovar a frota de vehículos en Accede Social (101.187 €) e Coregal (72.000 €).
	META 8.4: mellorar progresivamente a produción e o consumo eficiente dos recursos mundiais e procurar desvincular o crecemento económico da degradación do medio ambiente, conforme ao Marco Decenal de Programas sobre Modalidades de Consumo e Produción Sostibles, comezando polos países desenvolvidos.	• Trameve, Coregal e Dixardín posúen a certificación ISO 14001 en Sistemas de Xestión Ambiental. • Grafínco posúe o certificado FSC que garante que a materia prima coa que traballa provén de bosques con xestión forestal sostible.

ODS	Meta	Contribuímos
	META 8.5: acadar o pleno emprego e produtivo, e o traballo decente para todas as mulleres e homes, incluída a mocidade e as persoas con discapacidade, así como a igualdade de remuneración por traballo do mesmo valor.	• COGAMI Empresarial conta con 10 Unidades de Negocio nas que traballamos 762 persoas, o 85 % con algunha discapacidade. • COGAMI Empresarial incrementou nun 4,44 %¹⁷ o número de persoas traballadoras respecto a 2023. • 77,80 % dos contratos son indefinidos. • 13,38 millóns de euros destinados a pago de nóminas.
	META 10.2: potenciar e promover a inclusión social, económica e política de todas as persoas, independentemente do seu sexo, idade, discapacidade, raza, etnia, orixe, relixión ou situación económica ou outra condición.	• O 85 % das persoas que traballa en COGAMI Empresarial ten algún tipo de discapacidade recoñecida. • En 2024, 252 persoas comezaron a traballar en COGAMI Empresarial; o 83,7 % son persoas con discapacidade. • O 38,85 % das persoas que traballan en COGAMI Empresarial son persoas maiores de 50 anos con algún tipo de discapacidade.
	META 11.4: redobrar os esforzos para protexer e salvagardar o patrimonio cultural e natural do mundo.	• Dixardín continúa traballando e colaborando de xeito activo cos Concellos galegos na protección do patrimonio natural, a través da conservación e mantemento de espazos verdes: Concello de Ames, Concello de Lugo ou Concello de Carballo, entre outros, ou con programas de dinamización e sensibilización como os “Hortos Urbanos do Paseo do Rato” da Deputación de Lugo.
	META 11.6: reducir o impacto ambiental negativo <i>per cápita</i> das cidades, incluso prestando especial atención á calidade do aire e á xestión dos residuos municipais e doutro tipo.	• Coregal realiza servizos de recollida e xestión de residuos en 46 concellos galegos e recibe material doutros 11 máis.

¹⁷– Neste cálculo non se está a ter en conta o persoal de Combina Social ao non pertencer ao Grupo Empresarial no 2023 e non poder realizar comparativa.

ODS	Meta	Contribuímos
	META 11.7: proporcionar acceso universal a zonas verdes e espazos públicos seguros, inclusivos e accesibles, en particular para mulleres, nenos e nenos, persoas maiores e persoas con discapacidade.	• Accede Social prestou o servizo de transporte adaptado a 368 persoas con mobilidade reducida. • COREGAL foi recoñecida polo Concello de Santiago de Compostela coa Mención Especial nos Premios á “Excelencia Empresarial Axenda Urbana 2030” na categoría de “Boas Prácticas de Empresa de Economía Social”. • Dixardín segue a traballar na integración da accesibilidade nas obras públicas que realiza para diferentes entidades locais e provinciais.
	META 12.5: reducir considerablemente a xeración de refugallos mediante actividades de prevención, redución, reciclado e reutilización.	• Coregal xestiona 34.670,48 toneladas de residuos e valoriza o 85,76 %. • Trameve: 9.898 pezas vendidas que teñen unha segunda vida e 401 vehículos desmontados baixo estándares ambientais.
	META 17.17: fomentar e promover a constitución de alianzas eficaces nas esferas pública, público-privada e da sociedade civil, aproveitando a experiencia e as estratexias de obtención de recursos das alianzas.	• Integratex é froito de alianzas estratéxicas con Inditex dirixidas a xerar oportunidades de emprego para persoas con discapacidade. • 16 convenios de colaboración con centros formativos. • COGAMI Empresarial é socio de entidades como CEGASAL (Asociación Empresarial de Centros Especiais de Emprego sen Ánimo de Lucro de Galicia) ou FOROESGAL (Foro pola Economía Social Galega). • Desde COGAMI Empresarial participamos activamente en xornadas, congresos e actividades dirixidas a promover e visibilizar boas prácticas no eido da inclusión social e a sostibilidade.



9

ANEXOS

9.1 PESO ESPECÍFICO DOS ASPECTOS MATERIAIS SEGUNDO UNIDADE DE NEGOCIO

Categoría	Aspecto material	Principal impacto
E1: Sostibilidade ambiental e cambio climático	Cambio climático	Accede Social, Coregal e Dixardín
	Xestión de residuos e desperdicio alimentario	Coregal e Hornos de Lamastelle
	Reciclaxe, reutilización de materiais, compostaxe e economía circular	Coregal, Dixardín, Grafinco, Hornos de Lamastelle e Trameve
S1: Persoal propio	Benestar laboral	Transversal
	Saúde e seguridade no traballo	Transversal
S2: Cadea de valor	Promoción de provedores locais e criterios sociais	Transversal
